



O ESPAZO EUROPEO DE EDUCACIÓN SUPERIOR: ASPECTOS XERAIS

Grupo de Traballo sobre Formación do Profesorado:

D. Eugenio Muñoz Camacho
Director da ACSUG

Dna. Manuela Raposo Rivas
Universidade de Vigo

Dna. Mercedes González Sanmamed
Universidade da Coruña

D. Miguel A. Zabalza Beraza
Universidade de Santiago



ACSUG

SETEMBRO 2004

Edita

ACSUG

Axencia para a Calidade do
Sistema Universitario de Galicia

IES "Compostela".

Rúa Lamas de Abade s/n

Tfno: 981534173 Fax: 981534174

15702 Santiago de Compostela

Email: acsug@acsug.com

www.acsug.com

Grupo de Trabajo sobre Formación do Profesorado

D. Eugenio Muñoz Camacho
Director da ACSUG

Dna. Manuela Raposo Rivas
Universidade de Vigo

Dna. Mercedes González Sanmamed
Universidade da Coruña

D. Miguel A. Zabalza Beraza
Universidade de Santiago

Personal de apoio

Ana Isabel López Lorenzo

Corrección lingüística

Xandra Santos Palmou

Deseño e impresión

Jesús Tarela | Grafidea®

I.S.B.N.: 84-689-0194-6

Depósito Legal: C-2986-2004

O ESPAZO EUROPEO DE EDUCACIÓN SUPERIOR: ASPECTOS XERAIS

Grupo de Traballo sobre Formación do Profesorado:

D. Eugenio Muñoz Camacho
Director da ACSUG

Dna. Manuela Raposo Rivas
Universidade de Vigo



Dna. Mercedes González Sanmamed
Universidade da Coruña

D. Miguel A. Zabalza Beraza
Universidade de Santiago



ACSUG

SETEMBRO 2004



PRESENTACIÓN

A ACSUG naceu coa vontade de servizo á sociedade e ten entre os seus obxectivos a proposta de medidas de mellora da calidade universitaria.

Entre as súas actuacións para axudar a acadar ese obxectivo está prevista a elaboración de informes e propostas en relación cos sistemas de Educación Superior. En concreto presentáronse actuacións sobre o Espazo Europeo de Educación Superior (EEES) e o papel central que deben desempeñar as Universidades na súa construción, despois de que se tome conciencia da bondade dos valores compartidos no mesmo.

Neste sentido, e desde distintos foros, propiciouse o desenvolvemento de documentos, reunións, xornadas e seminarios sobre o Espazo Europeo.

Os participantes nas reunións e xornadas celebradas ata o momento pola ACSUG sentiron a necesidade de dispoñer dun marco que encadre a compatibilidade e correspondencia de termos mediante un glosario suficiente, manexable, lexible, atractivo e útil que facilite o coñecemento da terminoloxía empregada no EEES.

Como resposta, elaborouse o presente documento estruturado en catro apartados principais que abarcan os temas fundamentais sobre converxencia europea, que xunto ás cen voces que se explican no glosario, supón unha contribución culturalmente esencial e necesaria.

Con estes aspectos xerais quíxose achegar a comunidade universitaria non especializada un seleccionado conxunto de termos que entendemos que poden resultar útiles tanto para quen se inicie neste campo, como para os que xa dispoñan dalgunha experiencia.

A ACSUG propicia este proxecto. Quero expresar aquí unha valoración positiva del e o recoñecemento polo esforzo de recompilación, dedicación e coordinación realizado polo grupo de traballo. Vaia tamén o noso agradecemento aos que revisaron e completaron o texto inicial, fundamentalmente ao profesorado que participou nos grupos de traballo das titulacións de Bioloxía, Dereito, Enfermería e Filoloxía, dentro da experiencia piloto desenvolvida na primeira fase do proxecto desta Axencia sobre converxencia europea.

Manuel Cecilio Díaz y Díaz
Presidente do Consello de Dirección



ÍNDICE

PRESENTACIÓN	5
1. ¿QUE É A CONVERXENCIA EUROPEA?	9
1.1 O proceso de converxencia europea	11
1.2 O proxecto Tuning	13
2. ¿QUE É E QUE SIGNIFICA O CRÉDITO EUROPEO (ECTS)?	17
2.1 Características do crédito europeo	18
2.2 Sistema de cualificacións ECTS	19
3. ¿QUE É E QUE SIGNIFICA O SUPLEMENTO EUROPEO AO TÍTULO (DS)?	23
4. ¿CAL SERÁ A ORGANIZACIÓN DAS ENSEANZAS UNIVERSITARIAS?	27
4.1 Estudos de Grao	27
4.2 Estudos de Posgrao	28
5. GLOSARIO DE TERMOS	33
6. ALGUNHAS REFERENCIAS PARA CONSULTA	47
7. ANEXOS	53
7.1 Declaración da Sorbona	55
7.2 Declaración de Boloña	57
7.3 Convención de Salamanca	61
7.4 Declaración de Praga	65
7.5 Declaración de Graz	69
7.6 Comunicado de Berlín	75
8. Estructura da ACSUG, grupos de traballo e colaboradores	83

1

¿QUE É A CONVERXENCIA EUROPEA?

Baixo a denominación “converxencia europea” agrúpanse diversas políticas e actuacións dirixidas á harmonización dos sistemas de educación superior en Europa. Este proceso de harmonización traerá consigo cambios tanto na arquitectura dos títulos (coa adopción dun sistema comparable de titulacións baseado en dous ciclos), como na organización da docencia (co establecemento dun sistema de créditos como o *European Credit Transfer System* –ECTS), facilitando a transparencia e a comparabilidade dos estudos grazas á implantación do denominado Suplemento Europeo ao Título.

Os obxectivos e principios de converxencia europea teñen carácter transversal, pois a definición de títulos universitarios, os seus contidos e os procesos que se establezan son elementos esenciais que poden determinar a calidade e, con iso, condicionar os programas de certificación e acreditación das titulacións universitarias.

Para impulsar o proceso de converxencia no marco universitario español, a **Agencia Nacional de Evaluación de la Calidad y Acreditación (ANECA)** puxo en marcha o **Programa de Converxencia Europea**.

O obxectivo deste programa é potenciar aquelas actuacións que impulsen a integración das universidades españolas no Espazo Europeo de Educación Superior (EEES). Estas accións fanse en estreita colaboración coa Conferencia de Reitores das universidades españolas xunto co Ministerio de Educación e están dirixidas a apoiar as actuacións das universidades, xa que sobre elas recae a principal responsabilidade para conseguir o obxectivo da converxencia europea.

O programa de converxencia europea impulsado pola ANECA desenvolve accións de:

- Difusión e toma de conciencia dos contidos da Declaración de Boloña a través de accións de difusión, edicións monográficas, guías e manuais de procedemento que expliquen os obxectivos da Declaración.
- Posta en marcha de experiencias piloto de deseño e implantación de titulacións coa estrutura de dous ciclos definida en Boloña.
- Seguimento da adopción dos criterios de converxencia nas universidades españolas, así como estudos comparativos acerca da súa implantación en Europa.

- Apoio a proxectos coordinados entre universidades para a implantación do sistema de créditos europeos nun conxunto de titulacións.

No contexto galego, a **Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG)** puxo en marcha no curso 2003-04 un **Proxecto de realización de estudos para a adaptación ao Espazo Europeo de Educación Superior (EEES) en titulacións do Sistema Universitario de Galicia**¹. Este proxecto iniciouse en catro titulacións que se están a impartir nas tres universidades galegas: Bioloxía, Dereito, Enfermería e Filoloxía. Dito programa ten como obxectivos xerais:

- Dar a coñecer ao conxunto da comunidade universitaria a terminoloxía e os principios básicos do EEES, en particular, o sistema de créditos ECTS e o Suplemento Europeo ao Título.
- Formar aos responsables directos da súa implantación (profesorado e persoal de administración e servizos, fundamentalmente).

Contémpnanse, ademáis, como obxectivos específicos para cada titulación:

- Coñecer a oferta e demanda da titulación no Sistema Universitario de Galicia e a súa relación co conxunto do sistema universitario español, europeo e mundial.
- Analizar a disparidade de contidos nos actuais plans de estudos de cada titulación.
- Establecer os contidos mínimos que definen a titulación cubrindo cando menos o 70% do seu plan de estudos.
- Establecer as materias complementarias que debería incluír cada titulación.
- Implicar aos colexios e asociacións profesionais e demais axentes sociais relacionados coa titulación.

No curso académico 2004-05 incorpóranse seis novas titulacións ao proxecto de adaptación ao EEES:

- Enxeñería Técnica en Informática de Sistemas e Mestre na Especialidade de Educación Infantil, como titulacións que se imparten nas tres universidades galegas.
- Enxeñería Técnica en Deseño Industrial, da Universidade da Coruña.
- Licenciatura en Matemáticas e en Psicoloxía, da Universidade de Santiago de Compostela.
- Licenciatura en Tradución e Interpretación, da Universidade de Vigo.

¹ Para a realización das experiencias piloto no marco das normas actuais que regulan os plans de estudo hai que ter en conta a definición de crédito do R.D. 1497/1987 e as súas posteriores modificacións. Concretamente, establécese que o crédito é a: unidade de valoración das ensinanzas. Corresponderá a dez horas de ensinanza teórica práctica ou das súas equivalencias, entre as que poderán incluírse actividades académicas dirixidas que terán que preverse no plan docente (...). En ningún caso (...) a porcentaxe do crédito correspondente ás actividades académicas dirixidas será superior ao 30%.

1.1. O PROCESO DE CONVERXENCIA EUROPEA

O proceso de converxencia europea, que nace no marco político dos acordos entre as autoridades europeas para promocionar a mobilidade dos cidadáns, o aumento da capacidade de emprego e o desenvolvemento xeral do continente europeo foi ben acollido entre os representantes académicos de educación superior e, na actualidade, estas reformas están sendo asumidas polas universidades con grandes esforzos e entusiasmo. Os eventos máis significativos² relacionados co dito proceso son os seguintes:

A) A DECLARACIÓN DA SORBONA (25 DE MAIO DE 1998) [Anexo 7.1]

Os ministros de Educación de Francia, Italia, Reino Unido e Alemaña asinan en 1998 a Declaración da Sorbona, o que pode considerarse como o berce da área europea de educación superior. Entre os aspectos que poderían destacar desta reunión está a orixe dun sistema composto de dous ciclos (grao e posgrao) que servirá de pedra angular á hora de establecer as comparacións e equivalencias a escala internacional.

B) A DECLARACIÓN DE BOLOÑA (19 DE XUÑO DE 1999) [Anexo 7.2]

No encontro de Boloña os 31 estados participantes, ademais de consolidar o apoio aos principios xerais expostos na declaración da Sorbona, comprométese a coordinar as súas políticas para acadar a curto prazo e, en calquera caso, antes do final da primeira década do terceiro milenio, os seguintes obxectivos:

- A adopción dun sistema de títulos de sinxela lexibilidade e comparabilidade, a través da introdución dun *suplemento europeo ao título*, con tal de favorecer a *employability* (empregabilidade) dos cidadáns europeos e a competitividade internacional do sistema europeo de ensinanza superior.
- A adopción dun sistema baseado en dous niveis: o título outorgado ao final do primeiro nivel será utilizable como cualificación no mercado laboral europeo; o segundo nivel debe conducir a un título de posgrao tipo máster e/ou doutoramento.
- O establecemento dun sistema común de créditos –o modelo ECTS– para fomentar a comparabilidade dos estudos e para promover a mobilidade de estudantes.
- A promoción da mobilidade con especial atención ao acceso aos estudos doutras universidades europeas e ás diferentes oportunidades de formación e servizos relacionados.
- O impulso da colaboración europea para garantir a calidade e para desenvolver uns criterios e unhas metodoloxías educativas comparables.
- A promoción da dimensión europea da educación superior e, en particular, o desenvolvemento curricular, a colaboración institucional, plans de mobilidade e programas integrados de estudos, de formación e de investigación.

C) A CONVENCIÓN DE INSTITUCIÓNS EUROPEAS DE EDUCACIÓN SUPERIOR, CELEBRADA EN SALAMANCA (29 E 30 DE MARZO DE 2001) [Anexo 7.3]

Entre os anos 1999 e 2001 realízanse varias reunións e seminarios dos grupos de seguimento en Helsinki, Lisboa, París, Leira e Estocolmo, co propósito de profundizar nos obxectivos prioritarios apuntados en Boloña e concretar propostas e recomendacións que permitan avanzar no proceso de converxencia.

² Nos anexos pode consultarse o texto completo destas reunións.

Na reunión de Salamanca (preparatoria da conferencia ministerial de Praga), as institucións participantes reafirman o apoio aos principios da Declaración de Boloña e o seu compromiso na creación do EEES para finais da década manifestando a súa dispoñibilidade para:

- Redefinir a educación superior e a investigación en Europa.
- Reformar e actualizar os plans de estudos e a educación superior en conxunto.
- Ampliar e desenvolver a labor investigadora da educación superior.
- Adoptar mecanismos mutuamente aceptables para a avaliación, garantía e certificación de calidade.
- Reforzar a dimensión europea partindo dos denominadores comúns e asegurar a compatibilidade entre as institucións, plans de estudos e graos.
- Promover a mobilidade de estudantes e profesorado e a empregabilidade dos graduados en Europa.
- Apoiar os esforzos de modernización das universidades en países onde os desafíos do EEES son maiores.
- Seguir defendendo a educación superior como un servizo público esencial.

D) O CUMIO DE MINISTROS EUROPEOS DE EDUCACIÓN EN PRAGA (19 DE MAIO DE 2001) [Anexo 7.4]

Neste cumio os 33 países participantes decidiron incluír no proceso á Asociación Europea de Universidades (EUA) e á Asociación Europea de Estudantes (SEA). No documento elaborado –Comunicado de Praga- revísase o grao de coordinación na consecución dos obxectivos de Boloña e ponse énfase en aspectos como os seguintes:

- A *aprendizaxe ao longo da vida* como elemento esencial para acadar unha maior competitividade europea, para mellorar a cohesión social, a igualdade de oportunidades e a calidade de vida.
- O papel das *novas tecnoloxías* para a mellora da cohesión social, a igualdade de oportunidades e a calidade de vida.
- O *rol activo das universidades*, destacando a importancia das institucións de educación superior e dos estudantes no desenvolvemento do proceso de converxencia.
- A promoción do atractivo *do Espazo Europeo de Educación Superior* mediante o desenvolvemento de sistemas de garantía da calidade e mecanismos de certificación e de acreditación.

E) O CONSELLO EUROPEO DE BARCELONA (15 E 16 DE MARZO DE 2002)

O Consello Europeo de Barcelona impulsa a mobilidade no ámbito da educación, investigación e innovación, reducindo dificultades normativas e administrativas ao recoñecemento profesional, garantindo que todos os cidadáns estean ben formados e suprimindo obstáculos para os mercados laborais no ano 2005.

F) A CONVENCIÓN DE GRAZ (29, 30 E 31 DE MAIO DE 2003) [Anexo 7.5]

Nesta ocasión reforzouse o rol das universidades europeas baixo unha plataforma común que lles permita avanzar cara á próxima fase do proceso de Boloña. Os aspectos abordados foron: as universidades como responsabilidade pública, a investigación como parte integral da educación superior, a mellora da calidade académica mediante a construción

ción de institucións fortes, a mobilidade e a dimensión social, así como unha política coherente de garantía de calidade para Europa.

G) A CONFERENCIA DE BERLÍN DE MINISTROS EUROPEOS DE EDUCACIÓN (18 E 19 DE SETEMBRO DE 2003) [Anexo 7.6]

O obxectivo principal desta Conferencia, en que participaron 40 países, era procurar que os sistemas educativos e de formación se convertan nunha referencia mundial establecendo máxima calidade e benestar social. Para iso, procúrase desenvolver programas e accións dirixidas a consolidar a avaliación, acreditación e certificación de estudos, institucións e titulacións, así como relacións de participación e coordinación a nivel internacional.

1.2. O PROXECTO TUNING (*TUNING PROJECT*)³

O proxecto *Tuning Educational Structures in Europe* foi patrocinado pola Comisión Europea e coordinado conxuntamente polas Universidades de Deusto (Bilbao) e de Groningen en Holanda, iniciándose o 4 de maio de 2001.

Está enmarcado no contexto das xuntanzas de Boloña-Praga-Berlín, e é unha ferramenta para mellorar a calidade da educación e construír a Europa do coñecemento, avanzando no deseño curricular por competencias, atopando vías de introdución dos dous ciclos e identificando desde a perspectiva universitaria os puntos de referencia comúns para as titulacións. A súa razón de ser céntrase en catro elementos:

- Para harmonizar (*tune* significa afinar, acordar, templar... en referencia aos instrumentos musicais e “pór a punto” referido ás máquinas) as estruturas educativas en Europa e, con iso, axudar ao desenvolvemento do Espazo Europeo da Educación Superior.
- Para abrir un debate sobre a natureza e importancia das competencias xenéricas (ou xerais) e específicas (para disciplinas), que inclúa a todos os que participan na oferta/ demanda educativa: académicos, graduados e empregadores.
- Para identificar e intercambiar información sobre puntos de referencia comúns baseados en materias, contidos curriculares, resultados da aprendizaxe (*learning outcomes*) e métodos de ensinanza e avaliación.
- Para mellorar a cooperación europea e colaborar no desenvolvemento da calidade, efectividade e transparencia da educación superior europea, examinando o sistema de créditos ECTS e outros instrumentos apropiados.

O dito proxecto divídese en **dúas fases**. O Informe Final da primeira fase está xa dispoñible. A segunda fase (2003-2004) pretende: sincronizar con maior precisión e validar os resultados da Fase I cos principais actores da educación superior (universidades, empregadores, asociacións profesionais, estudantes e axencias de aseguramento da calidade e acreditación); afinar a metodoloxía para medir a carga de traballo estudantil e facela operacional nas áreas indicadas, establecendo a relación entre competencias e créditos ECTS e verificando o uso de ECTS como ferramenta de deseño curricular; ampliar o proceso a máis universidades e institucións de Europa Central e, por último, incluír como novas áreas disciplinares a Enfermería e os Estudos Europeos.

³ O Proxecto *Tuning* está dispoñible en: <http://www.relint.deusto.es/TUNINGProject/index.htm>, <http://odur.let.rug.nl/TuningProject/>

¿Que pretende o proxecto *Tuning*?

O proxecto *Tuning* é unha iniciativa universitaria en que participaron, na súa primeira fase, 128 académicos de 105 universidades europeas que se organizaron en sete grupos piloto e levaron a cabo unha aproximación por disciplinas para, deste xeito, acadar un entendemento e consenso sobre a natureza dos graos académicos de primeiro (*bachiller*) e segundo ciclo (*mestría*). O traballo organizouse a través de numerosas reunións e a recollida de datos baseouse na consulta con enquisas, ás que responderon unhas 7.000 persoas (5.183 graduados, 944 empregadores e 998 académicos). As áreas consideradas foron:

1. Administración de Empresas.
2. Educación.
3. Xeoloxía.
4. Historia.
5. Matemáticas.
6. Física.
7. Química.

Os principais **obxectivos** deste notable esforzo cooperativo son os seguintes:

- Facilitar a converxencia na Educación Superior Europea nas disciplinas principais de Matemáticas, Xeoloxía, Física, Química, Empresariais, Historia e Ciencias da Educación, definindo así resultados de aprendizaxe e profesionais comunmente aceptados.
- Elaborar unha metodoloxía para analizar elementos comúns en áreas de especificidade e diversidade, e como sintonizalos. Para iso, fixéronse catro liñas de análise de graos, co obxectivo de descubrir que é o que as fai máis lexibles e transferibles:
 - Liña 1: destrezas xerais e académicas.
 - Liña 2: coñecemento, currículo central e contidos.
 - Liña 3: ECTS como un sistema de acumulación de créditos transparente.
 - Liña 4: métodos de ensinanza e aprendizaxe, avaliación e desempeño, e calidade.
- Desenvolver perfís profesionais, resultados de aprendizaxe e competencias desexables en termos de competencias xenéricas e relativas a cada área de estudos, incluíndo destrezas, coñecementos e contidos das sete áreas.
- Facilitar a transparencia das estruturas educativas e fomentar a innovación a través da comunicación de experiencias e identificación de boas prácticas.
- Crear unha base para a comparabilidade e transparencia, fomentando redes eficaces, que favorezan a reflexión e o intercambio de ideas en materia de innovación curricular e calidade.
- Intercambiar información para o deseño curricular das sete áreas indicadas e desenvolver unha estrutura curricular modelo para cada unha delas.
- Construír enlaces entre as redes xeradas e outras entidades apropiadas para lograr unha mellor converxencia.
- Actuar coordinadamente con todos os actores involucrados no proceso de converxencia europea e de creación do EEES (Ministros de Educación, Conferencias de Reitores, asociacións, organismos de acreditación e calidade, e universidades).

Tamén se asume a necesidade de espallar e aproveitar os resultados acadados nesta rede a outras áreas temáticas como Enxeñería, Idiomas, Desenvolvemento Humano, Ciencias Veterinarias, Dereito e Medicina.

2

¿QUE É E QUE SIGNIFICA O CRÉDITO EUROPEO (ECTS)?

Actualmente a forma de organizar os estudos universitarios dunha determinada titulación faise a través dun **sistema de créditos**.

Na creación do EEES o sistema de créditos ECTS adquire grande relevancia, xa que como se indica no Comunicado de Praga (2001) “para unha maior flexibilidade nos procesos de aprendizaxe e cualificación, é mester adoptar unhas bases comúns para as titulacións, baseadas nun sistema de créditos como o ECTS ou outro sistema semellante compatible con él que permita que os créditos sexan transferibles e acumulables. Estas medidas, xunto cos mecanismos de control de calidade mutuamente recoñecidos, facilitarán o acceso dos estudantes ao mercado laboral europeo e farán máis compatible, atractiva e competitiva a educación superior europea. A implantación deste sistema de créditos e do Suplemento Europeo ao Título será un paso nesa dirección”.

O Real Decreto 1125/2003, de 5 de setembro, establece o Sistema Europeo de Créditos e o Sistema de Cualificacións nas titulacións universitarias de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional. Nel considérase o **crédito europeo** como a unidade de medida que representa a carga de traballo do estudante para cumprir os obxectivos do programa de estudos e que se obtén pola superación de cada unha das materias que integran os plans de estudos das diversas ensinanzas conducentes á obtención de títulos universitarios.

Nesta unidade de medida intégranse as ensinanzas teóricas e prácticas, así como outras actividades académicas dirixidas, con inclusión das horas de estudo e de traballo que o estudante debe realizar para acadar os obxectivos formativos propios de cada unha das materias do correspondente plan de estudos.

A decisión de adoptar un sistema europeo baseado en créditos xorde da necesidade de dar resposta a **tres esixencias básicas**:

- A transparencia e a comparabilidade da información sobre os programas de estudos e os resultados dos estudantes.
- O acordo mutuo entre os centros asociados e os estudantes de recoñecemento dos estudos realizados no estranxeiro.

- A definición do volume de traballo efectivo do estudante para a consecución dos obxectivos de aprendizaxe e das competencias do programa de estudos.

Estes tres elementos básicos fanse operativos por medio de tres **documentos** clave:

- O *catálogo informativo da institución*, que proporciona ao estudante e ao persoal docente informacións útiles sobre os centros, as facultades e departamentos, a organización e estrutura dos estudos, así como tamén sobre as unidades de curso.
- O *contrato de estudos*, que describe o programa de estudos que o estudante deberá seguir, así como os créditos ECTS que se lle conceden unha vez cumpridas as condicións requiridas. Ten carácter vinculante tanto para os centros de envío e acollida como para o estudante e terá que actualizarse en función dos cambios que se vaian producindo.
- O *expediente académico*, que presenta de xeito claro, completo e doado de transferir entre ambas institucións, os resultados académicos do estudante.

2.1. CARACTERÍSTICAS DO CRÉDITO EUROPEO

No ano 1989 empezou a falarse do crédito europeo (ECTS) no marco do Programa Erasmus, como medio para facilitar a mobilidade de estudantes en Europa. O ECTS é o único sistema de créditos experimentado con éxito en toda Europa no recoñecemento de períodos de estudo no estranxeiro. Aínda que nun primeiro momento se emprega para a transferencia de créditos, na actualidade está a ser considerado coma un sistema de acumulación que poderá aplicarse a nivel institucional, rexional, nacional e europeo. Este é, precisamente, un dos obxectivos importantes da Declaración de Boloña de 1999.

Deste xeito, o ECTS ofrece os instrumentos necesarios para crear condicións de transparencia e comprensión, facilitando a mobilidade e o recoñecemento académico, ao tempo que permite a comparación entre os programas de estudo e axuda ás universidades e titulacións a organizar e revisar os seus plans de estudo.

A **asignación de créditos** ECTS en cada titulación será distribuído entre a totalidade das materias integradas no plan de estudos que deba cursar o alumno, en función do número total de horas que implique para o alumno a superación ou realización de cada unha delas, computándose o número de horas de traballo requiridas para conquistar os coñecementos, capacidades e destrezas necesarias.

Nesta asignación deberán estar comprendidas as horas correspondentes ás clases lectivas, teóricas ou prácticas, ás horas de estudo, as dedicadas á realización de seminarios, traballos, prácticas ou proxectos, e as esixencias para a preparación e realización dos exames e probas de avaliación. Teñen que asignarse créditos a todos os componentes educativos dun programa de estudos (módulos, fases de prácticas, informes,...).

A estimación do correspondente número de horas entenderase referida a un estudante dedicado a cursar a tempo completo estudos universitarios, durante un mínimo de 36 e un máximo de 40 semanas por curso académico. O número mínimo de horas por crédito será de 25 e o máximo de 30. De acordo co novo sistema de créditos europeos (ECTS), o número total de créditos establecido nos plans de estudo para cada curso académico será de 60. En definitiva:

SEMANAS/CURSO:	36 - 40
HORAS/CURSO:	1.500 - 1.800
CRÉDITOS/CURSO:	60 (INVARIABLES)
HORAS/CRÉDITO:	25 - 30
HORAS/SEMANA:	40 - 45 HORAS DE TRABALLO DO ALUMNO Á SEMANA
CRÉDITOS/SEMANA:	± 1,5

A asignación de créditos basearase na duración oficial dun ciclo de estudos. No caso dos títulos de grao, será de 180 ou 240 créditos segundo a súa duración sexa de tres ou catro anos. O goberno, previo informe do Consello de Coordinación Universitaria, será quen fixe o número mínimo de créditos que deban ser asignados a cada materia nos plans de estudo conducentes á obtención de títulos universitarios oficiais con validez en todo o territorio nacional.

O crédito é tamén un xeito de cuantificar os resultados da aprendizaxe, é dicir, o conxunto de competencias que o estudante deberá acadar o finalizar o proceso de aprendizaxe. Polo tanto aos ECTS só se obteñen unha vez completado o traballo requirido e se se acadou unha avaliación positiva.

Os ECTS constituen un sistema de acumulación. Efectivamente, os créditos acumúlanse segundo un plan educativo que deseñan as universidades no contexto das directrices educativas e dos perfís académicos e profesionais da carreira.

2.2. SISTEMA DE CUALIFICACIÓNS ECTS

A obtención dos créditos correspondentes a unha materia significará ter superado os exames ou probas de avaliación correspondentes. O nivel de aprendizaxe conseguido polos estudantes expresarase con cualificacións numéricas, que se reflectirán no seu expediente académico xunto coa porcentaxe de distribución destas cualificacións sobre o total de alumnos que cursaron os estudos da titulación en cada curso académico. Deste xeito, favorécese a transparencia entre os sistemas educativos dos distintos países.

A media do expediente académico de cada alumno será o resultado da aplicación da seguinte fórmula: suma dos créditos obtidos polo alumno multiplicados cada un deles polo valor das cualificacións que correspondan, e dividida polo número de créditos totais obtidos polo alumno. Os créditos obtidos por recoñecemento de créditos correspondentes a actividades formativas non integradas no plan de estudos non serán cualificados numericamente nin computarán a efectos de calcular a media do expediente académico.

Así, o Decreto 1125/2003 establece un sistema numérico de cualificacións con valores de 0 a 10, cun decimal, ao que poderá engadirse a súa correspondente cualificación cualitativa (0-4,9= Suspenso, 5-6,9= Aprobado, 7-8,9= Notable e 9-10= Sobresaliente, a mención de "Matrícula de Honra" poderá ser concedida a aqueles estudantes que teñan unha cualificación igual ou superior a 9).

Cualificacións	Definición
9,0-10	SOBRESALIENTE - excelente resultado
7,0-8,9	NOTABLE - resultado superior á media
5,0-6,9	APROBADO - bo traballo en liñas xerais
0-4,9	SUSPENSO - é preciso un considerable traballo suplementario

A esta cualificación pode engadirse unha nota ECTS, importante para os casos de transferencia de créditos. Na escala de notas do ECTS os estudantes son clasificados sobre unha base estatística asignando as notas entre os que aproban do seguinte xeito:

Cualificacións	Definición
A	O 10% mellor
B	O 25% seguinte
C	O 30% seguinte
D	O 25% seguinte
E	O 10% seguinte

Os estudantes que non aproban son cualificados cun **F** que significa “suspenso, requírese bastante máis traballo para aprobar”, ou un **FX** que significa “suspenso, requírese un pouco máis de traballo para aprobar”. A inclusión de taxas de suspenso no expediente académico é opcional.

3

¿QUE É E QUE SIGNIFICA O SUPLEMENTO EUROPEO AO TÍTULO (DS)?

O Real Decreto 1044/2003, de 1 de agosto, polo que se establece o procedemento para a expedición polas universidades do Suplemento ao Título informa de que o Suplemento Europeo ao Título é unha iniciativa europea auspiciada pola Comisión Europea, o Consello de Europa, e a CEPES-UNESCO (Centro Europeo para a Ensinanza Superior). Constitúe un elemento de transparencia xa que o seu obxectivo fundamental é facer comprensibles e comparables os títulos universitarios en Europa por medio dunha información académica e profesional relevante para a sociedade, a universidade e os empregadores, co fin de promover a máis ampla mobilidade de estudantes e titulados no EEES.

O **Suplemento Europeo ao Título** (en inglés *Diploma Supplement-DS*) é o documento que acompaña a cada un dos títulos universitarios de carácter oficial e con validez en todo o territorio nacional, coa información unificada, personalizada para cada titulado universitario, sobre os estudos cursados, os resultados obtidos, as capacidades profesionais adquiridas e o nivel da súa titulación no sistema nacional de educación superior. Pretende ser un documento facilmente comprensible, aberto para incorporar a aprendizaxe ao longo da vida, acreditando os coñecementos adquiridos por cada persoa en diferentes institucións europeas de educación superior.

O Suplemento Europeo ao Título debe conter a seguinte información:

1. Datos do estudante.
2. Información da titulación.
3. Información sobre o nivel da titulación.
4. Información sobre o contido e os resultados obtidos.
5. Información sobre a función da titulación.
6. Información adicional.

7. Certificación do suplemento.
8. Información sobre o sistema nacional de educación superior.

As universidades poderán expedir o Suplemento Europeo aos títulos universitarios de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional das ensinanzas que teñan implantadas. O Suplemento Europeo ao Título non poderá ser expedido acompañando diplomas ou títulos propios establecidos polas universidades ou outros centros non universitarios.

Para a implantación do Suplemento Europeo ao Título en España fórmulanse os plans de estudos conxuntos entre universidades españolas, conducentes á obtención dun único título universitario de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional. E, cando se trate de plans de estudos conxuntos establecidos entre universidades españolas e estranxeiras, que conduzan á dobre titulación, expedirase por parte da universidade española un Suplemento Europeo ao Título onde figuren os detalles da dobre titulación.

O Suplemento Europeo ao Título será expedido a solicitude do interesado pola universidade correspondente, previa verificación do cumprimento do disposto no Real Decreto 1044/2003. No anexo I deste Real Decreto figura a información sobre o modelo do Suplemento Europeo aos títulos oficiais de Diplomado, Enxeñeiro Técnico, Arquitecto Técnico, Licenciado, Enxeñeiro e Arquitecto. No anexo II recóllese o formato do Suplemento Europeo ao Título de Doutor.

O documento soporte dos suplementos europeos que se expidan será de idéntico tamaño para todos eles, normalizado en formato UNE A-4 (modelo de papel de seguridade). Terá impreso o escudo de España e poderán incorporarse os escudos ou logotipos da Unión Europea e da propia universidade, cun tamaño que non poderá ser maior ca o do escudo de España. Expedirase en castelán e noutra lingua oficial da Unión Europea que a universidade determine. O Consello de Coordinación Universitaria aprobará, a estes efectos, e de conformidade cos modelos que se inclúen como anexos a este Real Decreto, modelos uniformes de suplementos ao título redactados nas linguas oficiais da Unión Europea de maior uso.

As universidades radicadas en comunidades autónomas con lingua cooficial propia poderán expedir tamén os suplementos ao título na súa propia lingua, respectando na tradución a literalidade do contido do suplemento que figura nos anexos. As autonomías determinarán, de conformidade co previsto no artigo 81.3.b da Lei 6/2001 de 21 de decembro, de Universidades, os prezos públicos que correspondan pola expedición do Suplemento Europeo ao Título regulado neste Real Decreto.

4

¿CAL SERÁ A ORGANIZACIÓN DAS ENSINANZAS UNIVERSITARIAS?

A idea de harmonizar os sistemas universitarios europeos deu lugar a unha nova organización da educación superior que diferencia dous niveis: o grao e o posgrao.

4.1. ESTUDOS DE GRAO

Os obxectivos formativos das ensinanzas oficiais do primeiro nivel de grao terán, con carácter xeral, unha orientación profesional, é dicir, deberán proporcionar unha formación universitaria en que se integren harmonicamente as competencias xenéricas básicas, as competencias transversais relacionadas coa formación integral das persoas e as competencias máis específicas que posibiliten unha orientación profesional que permita aos titulados unha integración no mercado de traballo. Estas titulacións deberán deseñarse en función duns perfís profesionais con perspectiva nacional e europea.

A estrutura dos estudos de grao debe realizarse de modo que un estudante medio, con dedicación a tempo completo, poida completalos nun prazo previamente planificado. En calquera caso, deberá quedar fóra de toda dúbida a relevancia do título de grao para o mercado de traballo, de forma que non poida ser interpretado, exclusivamente, como paso previo ao segundo ciclo (posgrao).

Os requisitos para a obtención dos títulos universitarios oficiais de grao e as directrices xerais dos plano de estudos serán establecidos polo Goberno, ben por propia iniciativa, previo informe do Consello de Coordinación Universitaria, ou a proposta deste Consello.

O **Título de Grao** obtense tras cursar estudos universitarios de non menos de 3 anos (180 créditos ECTS) nin máis de 4 (240 créditos ECTS). O dito título debe ter un valor específico no mundo laboral e capacitar para a incorporación ao eido profesional. Quen estea en posesión dun título de grao ou nivel académico equivalente obtido en sistemas educativos estranxeiros poderá acceder aos programas oficiais de posgrao, previa homologación do título de grao ou nivel equivalente.

4.2. ESTUDOS DE POSGRAO

Os estudos de posgrao son o segundo nivel da estrutura das ensinanzas universitarias. Unha vez superados obtéñense os títulos oficiais de Máster e de Doutor.

A formación de segundo ciclo ou posgrao debe ser un obxectivo estratéxico das universidades, imprescindible para incrementar a transcendencia do proceso formativo, facilitando a mobilidade, a profundización e o desenvolvemento humanístico, cultural, científico e tecnolóxico. Para iso, o posgrao deberá incorporar unha maior esixencia académica, coa correspondente mellora do prestixio institucional das universidades. Coas condicións e requirimentos adicionais necesarios, o posgrao será compatible cunha terceira fase formativa que conduza ao título de doutor.

Os obxectivos formativos serán máis específicos que os de grao e deberán estar orientados cara a unha maior profundización intelectual, posibilitando un desenvolvemento académico disciplinar e interdisciplinar, de especialización científica, de orientación á investigación ou de formación profesional avanzada.

Dada a diversidade e carácter especializado dos estudos de posgrao, e a fin de favorecer a flexibilidade para adaptarse aos cambios no seu ámbito de coñecementos científico-tecnolóxicos e competencias, o Goberno regulará os requisitos xerais destes estudos, pero non establecerá directrices xerais sobre os seus contidos.

As universidades, logo da elaboración e aprobación dos programas de posgrao na forma en que determinen os seus estatutos, deberán solicitar o informe da Comunidade Autónoma competente e remitilos ao Consello de Coordinación Universitaria para a súa homologación. O desenvolvemento efectivo das ensinanzas dos programas de posgrao conducentes á obtención de títulos oficiais será sometido á avaliación da ANECA, de acordo co previsto no artigo 35 da LOU.

A) ESTUDOS DE MÁSTER

Os estudos oficiais de máster terán unha extensión mínima de 60 e un máximo de 120 créditos europeos, en función da formación previa acreditada e da orientación investigadora, científica ou profesional que teña cada un destes estudos de posgrao. Deberán ter unha estrutura flexible e un sistema de recoñecemento e de conversión que permita o acceso desde distintas formacións previas.

Os contidos destas titulacións deben definirse en función das competencias científicas e profesionais que vaian adquirirse e comprenderán dúas partes: unha de formación académica avanzada e outra de iniciación á investigación ou de especialización profesional. Cada unha delas non poderá ter unha extensión inferior a 30 créditos.

- A parte de formación académica avanzada estará integrada por cursos sobre os contidos fundamentais dos campos científico, técnico, humanístico ou artístico aos que estean dedicados os estudos oficiais de máster.

- A parte de iniciación á investigación ou de especialización profesional comprenderá a realización dun ou varios traballos de iniciación á actividade investigadora en relación cos contidos das materias do máster, ou ben a realización de traballos de especialización profesional orientados á capacitación para o exercicio de específicas funcións profesionais.

Ao rematar os estudos oficiais de máster, e seguindo o procedemento que estableza a Universidade, o estudante realizará unha proba conxunta de avaliación en exposición pública ante un tribunal que efectuará unha valoración global dos coñecementos adquiridos. A valoración do tribunal reflíctese nunha acta facendo constar a cualificación outorgada (Suspenso, Aprobado, Notable ou Sobresaínte) coa expresión cuantitativa correspondente.

Os títulos oficiais de máster serán expedidos polo Reitor da Universidade e neles fírase constar a expresión “Máster en.... pola Universidade de...”. A diferenza dos títulos de grao, cabe considerar a conveniencia de que as ensinanzas conducentes á obtención dos títulos de posgrao poidan ser programadas incorporando itinerarios curriculares distintos e especialidades dentro do correspondente ámbito científico, tecnolóxico ou profesional. Esta posibilidade tería a vantaxe de evitar a fragmentación dos contidos en titulacións distintas, reducindo o número de denominacións de máster oficiais á vez que introduciría unha certa flexibilidade para que poidan adaptarse a novas esixencias de formación especializada. Neste caso, a denominación destas especialidades podería engadirse nos títulos tras a denominación do máster: “Máster en.....Especialidade en..... pola Universidade de.....”.

B) ESTUDOS DE DOUTORAMENTO

Entre os obxectivos fundamentais da reforma proposta atópase a revalorización dos estudos de doutoramento e a mellora dos niveis de excelencia no grao superior académico. O futuro do sistema universitario español pasa, en grande medida, por un incremento dos niveis de competitividade destes estudos, que os fagan atractivos a nivel internacional, así como por un maior recoñecemento da formación que proporcionan por parte de empresas e institucións non académicas.

As universidades, nos seus programas oficiais de posgrao, establecerán os departamentos ou institutos universitarios en que poida realizarse o doutoramento, as liñas de investigación de cada un deles, a relación de profesores e investigadores encargados da dirección de teses doutorais, o número máximo de alumnos, os criterios de admisión e selección e, no seu caso, os requisitos de formación metodolóxica ou científica.

O estudante, unha vez obtido un mínimo de 90 créditos en programas oficiais de posgrao ou tendo o título oficial de máster, poderá solicitar a súa admisión no doutoramento. Para ser admitido, será necesario que teña completado un mínimo de 300 créditos no conxunto de estudos universitarios de grao e posgrao. A inscrición oficial dos estudantes de doutoramento na universidade carretará o aproveitamento de todos os seus dereitos como estudantes universitarios.

Nesta etapa de formación o estudante terá que elaborar e defender unha **tese doutoral** que deberá conter resultados orixinais de investigación sobre unha materia relacionada cos campos científico, técnico, humanístico ou artístico do programa de posgrao.

Para a elaboración da tese doutoral, o departamento ou instituto universitario asignará ao doutorando un director de tese, que será un doutor con experiencia investigadora acreditada de entre os profesores ou investigadores vencellados á institución de forma permanente ou temporal. A tese poderá ser codirixida.

Catro meses antes da presentación formal da tese doutoral, a Comisión responsable de Doutoramento someterá o traballo realizado a exame de dous revisores externos, doutores de recoñecido prestixio na especialidade ou materia concreta sobre a que verse a tese, alleos ao Departamento ou Instituto Universitario en que se estea realizando a tese. Estes revisores externos emitirán os informes sobre o traballo que deberán ser obxecto de estudo e, se o estiman procedente, tomados en consideración polo doutorando e o director da tese, durante outro período de catro meses, a efectos de poder presentar formalmente a tese doutoral.

Una vez finalizada a realización da tese doutoral, o doutorando, previo informe favorable do director da tese, depositaraa no departamento ou instituto universitario correspondente, despois de abonar as taxas que a Comunidade Autónoma determine. No prazo dun mes, os profesores membros do departamento ou instituto universitario formularán individualmente as observacións que estimen oportunas sobre a tese, facendo constar a súa conformidade á presentación da mesma ou ben a necesidade de corrixir deficiencias.

Rematado este prazo, o departamento remitirá a tese doutoral, xunto cos informes dos revisores externos e dos membros do departamento, á Comisión responsable do Doutoramento da universidade para a súa tramitación. Esta documentación irá acompañada dunha proposta de expertos na materia que poidan formar parte do tribunal encargado de xulgalá.

A Comisión de Doutoramento autorizará a defensa e nomeará un tribunal composto por cinco membros titulares e dous suplentes, todos co grao de doutor. O acto de defensa da tese será convocado polo presidente e comunicado polo secretario cunha antelación mínima de quince días naturais á súa celebración. Terá lugar en sesión pública e consistirá na exposición polo doutorando do labor realizado, metodoloxía, contido e conclusións, facendo especial mención ás súas achegas orixinais.

Os membros do tribunal formularán ao doutorando cantas cuestións e obxeccións consideren oportunas, ás que o doutorando terá que responder. Os doutores presentes no acto público poderán formular cuestións e obxeccións no momento e forma que sinale o presidente do tribunal. Finalizada a defensa e discusión da tese, cada membro do tribunal formulará por escrito unha valoración sobre a mesma outorgando unha puntuación cuantitativa de cero a dez, coa expresión dun decimal. O tribunal poderá outorgar a mención de “Sobresaliente cum laude”, se se emite, en tal senso, o voto favorable de todos os seus membros.

Unha vez superados os estudos de doutoramento e a defensa da tese doutoral, obtense o título de doutor que representa unha especialización temática nunha área de coñecemento con obxectivos claramente enfocados á investigación. O título de doutor é o título de nivel máis elevado na educación superior e acredita o máis alto rango académico.

Os títulos de doutor expedidos polas universidades incluírán a mención “Doutor pola Universidade de...” seguida da referencia á universidade que corresponda. O goberno poderá establecer unha mención de calidade aos títulos de doutor que cumpran cos requisitos que oportunamente se establezan. Poderase incluír no anverso do título de doutor a mención “Doutor europeus”, sempre que concorran as seguintes circunstancias:

- Durante a súa etapa de formación no programa oficial de posgrao, o doutorando realizou unha estancia mínima de catro meses nunha institución de ensinanza superior doutro estado membro da Unión Europea, cursando estudos ou realizando traballos de investigación recoñecidos polo órgano responsable do mencionado programa.

- Parte da tese doutoral, ao menos o resumo e as conclusións, será redactada e presentada nunha das linguas oficiais da Unión Europea distinta ao castelán.
- A tese foi informada por un mínimo de dous expertos de nacionalidades distintas, doutros estados membros da Unión Europea.
- Como mínimo, un experto estranxeiro co grao de doutor, distinto dos mencionados no apartado anterior, forma parte do tribunal avaliador da tese doutoral.

O título de doutor terá carácter oficial e validez en todo o territorio nacional, terá efectos académicos plenos e facultará para a docencia e a investigación, así como para o exercicio profesional de acordo coa normativa vixente.

5

GLOSARIO DE TERMOS

ACREDITACIÓN: proceso de avaliación mediante o que se comproba o cumprimento dunha serie de requisitos de garantía da calidade previamente establecidos.

ACREDITACIÓN DE TITULACIÓNS: proceso de avaliación que se centra en comprobar o cumprimento de criterios e estándares establecidos previamente e que os resultados da formación son os axeitados. Ao mesmo tempo, asegura que as competencias que adquiren os estudantes son as demandadas pola sociedade e o mercado laboral.

ACSUG: siglas correspondentes á *Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia*. Foi creada por Resolución o 12 de marzo de 2001 (D.O.G. 5-4-2001) coa finalidade de impulsar a integración competitiva das tres universidades galegas no contexto universitario estatal, europeo e internacional. Con sede en Santiago de Compostela, preséntase como un consorcio entre a Xunta de Galicia e as Universidades de Coruña, Santiago de Compostela e Vigo.

Web: <http://www.acsug.com>.

ACUMULACIÓN DE CRÉDITOS (*credit accumulation*): nun sistema de acumulación de créditos os resultados da aprendizaxe levan a un total especificado de créditos que deben ser superados para completar con éxito un semestre, ano académico ou programa completo de estudos, de acordo cos requirimentos do programa. Os créditos son concedidos e acumulados se os obxectivos de aprendizaxe do programa foron comprobados mediante a avaliación correspondente.

AIDU: siglas da *Asociación Iberoamericana de Docencia Universitaria*. Os seus obxectivos son: fomentar o intercambio de experiencias, o desenvolvemento profesional dos seus asociados, a investigación no ámbito da educación superior e a produción de materiais e produtos didácticos que poidan ser útiles á mellora da calidade da docencia universitaria.

Web: <http://www.aidu.com>

AIPU: siglas da *Asociación Internacional de Pedagogía Universitaria*. Creada en 1980, co principal obxectivo de favorecer o desenvolvemento da pedagogía universitaria dende unha perspectiva de colaboración internacional agrupada en 3 zonas xeográficas: África, Américas (Norte, Centro e Sur) e Europa. Organizadora de numerosos eventos, publica a revista *Res Académica* centrada no eido da ensinanza superior.

Web: <http://www.ulg.ac.be/aipu/>

ANECA: siglas correspondentes á *Agencia Nacional de Evaluación de la Calidad y Acreditación*, creada polo Ministerio de Educación tras a autorización do Consello de Ministros de 19 xullo de 2002, en cumprimento do establecido no artigo 32 da LOU. A ANECA asume o compromiso de apoiar ás universidades en todos os procesos relacionados coa garantía da calidade e mellora da competitividade do sistema universitario. Desenvolve as súas actividades a través de cinco programas: a avaliación institucional, a certificación, a acreditación, a avaliación do profesorado e a converxencia europea.

Web: <http://www.aneca.es>

APRENDIZAXE AUTÓNOMA: tamén denominado aprendizaxe autodirixido ou autorregulado. O estudante traballa sen unha dependencia directa do profesorado, sendo capaz por si só de conseguir novas aprendizaxes. O estudante realiza o traballo académico con liberdade e independencia: fixa os seus obxectivos de aprendizaxe de acordo coas súas necesidades e intereses, planifica a súa propia tarefa de aprendizaxe (tempo, espazo e ritmo), correspondéndolle tamén a súa autoavaliación. A función do docente é facilitar as aprendizaxes propiciando o clima e as condicións máis axeitadas para elas, proporcionando os recursos e materiais necesarios para lograr os obxectivos. Supón un tipo de aprendizaxe activa, non-directiva, significativa e centrada no alumno.

APRENDIZAXE COLABORATIVA: proceso de aprendizaxe xerado a partir do contacto con outros estudantes e/ou apoio do profesor-titor. A aprendizaxe colaborativa supón que dúas ou máis persoas se implican nun proceso de aprendizaxe, tanto na súa planificación (definido os obxectivos e os procedementos para alcanzalos) como na súa realización e na avaliación. A base da aprendizaxe é a discusión, colaboración e intercambio de ideas. Na aprendizaxe colaborativa abandónase a perspectiva individualista sobre o coñecemento para resaltar o valor da cultura e a comunicación.

APRENDIZAXE VIRTUAL: tamén denominado “e-learning” ou aprendizaxe electrónico, refírese aos procesos de aprendizaxe axudados ou mediados pola tecnoloxía, en especial a través da rede Internet. En ocasións fálase de FORMACIÓN BIMODAL ou SEMIPRESENCIAL (en inglés “blending learning”) para referirse aos procesos formativos en que se combinan situacións de aprendizaxe presencial con sesións non presenciais (on-line) grazas á utilización de ferramentas multimedia e de plataformas de teleformación.

AUDITORÍA: exame metódico e independente que se fai para determinar se as actividades, enfoques e resultados relativos á calidade da unidade que solicita ser acreditada, cumpren as disposicións previamente establecidas e se estas disposicións están implantadas de forma efectiva ou son axeitadas para acadar os obxectivos fixados.

AUTOAVALIACIÓN INSTITUCIONAL: proceso de reflexión e avaliación levado a cabo por un comité formado por membros da unidade avaliada que ten como resultado o informe de autoavaliación, onde se describe e valora a situación respecto aos criterios establecidos como estándares de calidade e se propoñen plans de mellora que deben pórse en marcha.

AUTONOMÍA UNIVERSITARIA: a LOU (Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro) establece no seu artigo 2 os fundamentos da autonomía universitaria, sendo o principio básico a **liberdade académica** que se manifesta na liberdade de cátedra, de investigación e de estudo. A autonomía universitaria esixe e fai posible que docentes, investigadores e estudantes cumpran coas súas responsabilidades, en orde á satisfacción das necesidades educativas, científicas e profesionais da sociedade, así como que as universidades rindan contas do uso dos seus medios e recursos á sociedade.

A autonomía universitaria permite que as universidades elaboren as súas normativas internas, elixan os seus órganos de goberno e representación, creen as súas propias estruturas de investigación e docencia, elaboren plans de estudo e investigación, seleccionen, formen e promovan ao seu persoal, establezan normas de acceso e permanencia dos estudantes, expidan títulos oficiais e propios, elaboren e xestionen os seus presupostos e os seus bens, establezan as súas relacións de postos de traballo e relacións con outras institucións.

AVALIACIÓN: segundo as normas ISO, trátase dun proceso a través do que se realiza o diagnóstico da unidade, determinando puntos fortes, febles e propostas de mellora de cada un dos procesos que interveñen no funcionamento da mesma, no que se refire á xestión da calidade.

Referida aos procesos de ensino-aprendizaxe, trátase dun proceso de recollida de información a partir do que se realiza unha valoración da situación educativa e se toman decisións necesarias orientadas á mellora das intervencións e dos resultados.

AVALIACIÓN CONTINUA: valoración do proceso de aprendizaxe do estudante a partir do seguimento continuado do traballo que realiza e das aprendizaxes que acadada de xeito que se poidan introducir inmediatamente as modificacións necesarias para optimizar o proceso e mellorar os resultados.

AVALIACIÓN EXTERNA: diagnóstico metódico e independente que se fai para determinar se as actividades e os resultados relativos á calidade da unidade que solicita ser avaliada cumpren as disposicións previamente establecidas, e se estas disposicións están implantadas de forma efectiva e son axeitadas para acadar os obxectivos fixados. As tarefas a desenvolver inclúen, a detección de fortalezas e debilidades da unidade en relación ás normas e/ou plans de calidade establecidos previamente, as recomendacións de propostas de mellora a implantar, e a valoración do proceso e informe de autoavaliación.

AVALIACIÓN INSTITUCIONAL: proceso mediante o que se realiza un diagnóstico nas titulacións co fin de obter a descrición razoada das súas fortalezas e debilidades, así como unha proposta de plans de mellora, todo iso orientado á toma de decisións.

CARGA DE TRABALLO DO ESTUDANTE (*student's workload*): refírese a todas as actividades de aprendizaxe requiridas para a consecución dos obxectivos de aprendizaxe previstos. No deseño das materias computárase como o tempo en que se pode agardar que un estudante obteña os resultados das aprendizaxes requiridas. Inclúe o tempo invertido na asistencia a clases, seminarios, estudo persoal, preparación e realización de exámes, etc. A carga de traballo para un estudante nun programa de estudos durante un curso académico en Europa (36/40 semanas por ano) equivale a 60 créditos, nos que un crédito representa de 24 a 30 horas de traballo.

CEPES-UNESCO: siglas correspondentes ao *Centre Européen pour l'Enseignement Supérieur*. No marco da UNESCO, CEPES é dende setembro de 2003 un membro consultivo do grupo de seguimento do proceso de Boloña. Algunhas das súas actuacións son as seguintes:

- Realizar proxectos relevantes para o desenvolvemento e a reforma da educación superior e, especificamente, seguindo a Conferencia Mundial da UNESCO en Educación Superior (1998) e o proceso de Boloña, apoiando a creación da Área de Educación Superior Europea.
- Proporcionar servizos de consultoría.
- Promover políticas de desenvolvemento e investigación sobre educación superior e servir como un foro para a discusión de temas importantes na educación superior.

Web: <http://www.cepes.ro>

CERTIFICACIÓN: segundo as normas ISO, trátase dun proceso mediante o que unha entidade debidamente acreditada confirma a capacidade dunha unidade ou produto para cumprir coas esixencias dunha norma.

Trátase dun proceso de avaliación externa, solicitado de forma voluntaria pola unidade a avaliar, que esixe a superación de criterios e estándares de calidade previamente establecidos para a obtención do certificado de calidade. Está dirixido aos procesos, unidades e programas.

CNA: siglas correspondentes ao *Comité Nacional de Acreditación* que está composto por persoas de recoñecido prestixio dos distintos ámbitos relacionados coa educación superior e ten como cometido esencial avaliar e validar o proceso de acreditación deseñado polos grupos de traballo do Programa de Acreditación da ANECA.

COMITÉ DE AUTOAVALIACIÓN: órgano formado por membros da unidade avaliada responsable do desenvolvemento da autoavaliación e da elaboración do informe de autoavaliación.

COMITÉ DE AVALIADORES EXTERNOS: grupo de avaliadores externos á institución e unidade avaliada que realizan a avaliación externa, seguindo a guía elaborada a tal fin. Na actualidade, está composto por tres ou catro persoas designadas entre as que voluntariamente participaron nos procesos de formación da ANECA ou da ACSUG obtendo a cualificación apropiada para desenvolver as actividades encomendadas de contraste externo.

COMPETENCIA: conxunto de coñecementos, capacidades, actitudes e destrezas necesarias para desempeñar unha determinada tarefa.

A competencia esixe unha combinación de saberes (saber, saber facer, saber estar e saber ser -coñecementos, habilidades e actitudes-) técnicos, metodolóxicos, sociais e participativos que cun carácter dinámico, permiten que un estudante poida desempeñar determinadas accións profesionais unha vez finalizado un programa formativo. Ser competente significa, por tanto, combinar, coordinar e integrar os ditos saberes no exercicio profesional.

Os programas formativos terán que formar tanto en competencias específicas -relacionados cun campo de coñecementos e un desempeño profesional particular-, como aquelas outras que teñen carácter transversal por ser aplicables a diversos campos de coñecemento e que son necesarias para calquera acción profesional.

COMPETENCIAS ESPECÍFICAS: competencias propias dunha ocupación, profesión ou ámbito de coñecemento. Supoñen a capacidade de transferir as destrezas e coñecementos a novas situacións dentro da área profesional e a profesións afíns.

COMPETENCIAS XENÉRICAS: competencias compartidas por distintas ocupacións ou varios ámbitos de coñecemento. Son competencias apropiadas para a maioría das profesións e están relacionadas co desenvolvemento persoal e a formación cidadá.

O proxecto *Tuning* propón, entre outras: capacidade de análise e síntese, toma de decisións, capacidade de aplicar os coñecementos na práctica, traballo en equipo, planificación e xestión do tempo, habilidades interpersoais, coñecementos xerais básicos sobre a área de estudo, liderato, coñecementos básicos da profesión, capacidade de traballar nun equipo multidisciplinar, comunicación oral e escrita na propia lingua, capacidade para comunicarse con persoas non expertas na materia, coñecemento dunha segunda lingua, apreciación da diversidade e multiculturalidade, habilidades básicas no manexo do ordenador, habilidade para traballar nun contexto internacional, habilidades de investigación, coñecemento de culturas e costumes doutros países, capacidade de aprender, habilidade para traballar de forma autónoma, habilidades de xestión da información, deseño e xestión de proxectos, capacidade crítica e autocrítica, iniciativa e espírito emprendedor, capacidade para adaptarse a novas situacións, compromiso ético, capacidade para xerar novas ideas (creatividade), preocupación pola calidade, resolución de problemas, motivación de logro.

CONSELLO DE COORDINACIÓN UNIVERSITARIA: é o máximo órgano consultivo e de coordinación do sistema universitario. Correspóndenlle as funcións de consulta sobre política universitaria e as de coordinación, programación, informe, asesoramento e proposta nas materias relativas ao sistema universitario, así como as que determine a lei e as súas disposicións de desenvolvemento. Forma parte deste Consello, como presidente, o Ministro/a de Educación e como vocais:

- a) Os responsables do ensino universitario nos Consellos de Goberno das Comunidades Autónomas.
- b) Os reitores das Universidades.
- c) Outros 21 membros, nomeados por Real Decreto para un periodo de catro anos, entre personalidades da vida académica, científica, cultural, profesional, económica e social, e designados sete polo Congreso dos Deputados, sete polo Senado, e sete polo Goberno.

CONSELLO GALEGO DE UNIVERSIDADES: é o órgano colexiado de consulta e asesoramento da Consellaría competente en materia universitaria para o desenvolvemento da política de coordinación e planificación do Sistema Universitario de Galicia. O Consello Galego de Universidades está integrado polos seguintes membros:

- a) O Conselleiro competente en materia universitaria.
- b) O Director Xeral competente en materia universitaria.
- c) O Secretario Xeral, ou Director Xeral, competente en materia de investigación e desenvolvemento.
- d) Os reitores das universidades galegas.
- e) Os presidentes dos consellos sociais das universidades galegas.
- f) Cinco membros designados pola comisión do Parlamento de Galicia competente en materia universitaria, en proporción á súa representación no Pleno do Parlamento.
- g) O director da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia.

CONTIDOS FORMATIVOS COMÚNS: conxunto de coñecementos, actitudes e destrezas precisas para acadar os obxetivos formativos do título. Serán establecidos nas directrices xerais propias e de obrigada inclusión en todos os plans de estudos que conducen á obtención dun mesmo título universitario oficial.

CONVALIDACIÓN: recoñecemento oficial da validez a efectos académicos de estudos superiores realizados no estranxeiro, remataran ou non coa obtención do título, res-

pecto de estudos universitarios españois parciais, que permitan seguir os citados estudos nunha universidade española.

Fálase tamén do proceso administrativo polo que se recoñecen as materias ou créditos de distintos estudos cursados en distintos centros, ben dunha ou distinta Universidade. Non se traslada a cualificación obtida, senón que aparece o concepto de “aprobado” no novo expediente académico.

CONVERXENCIA: adopción voluntaria das políticas apropiadas para lograr un obxectivo común. A converxencia na arquitectura dos sistemas educativos nacionais é un dos obxectivos perseguidos polo proceso de Boloña para acadar o Espazo Europeo de Educación Superior.

COÑECEMENTOS PREVIOS: conxunto de ideas e saberes dos que xa dispón o alumno e que sirven para relacionar, interpretar e comprender novos coñecementos. Os docentes, antes de introducir un contido novo, deben ter en conta estes coñecementos previos dos estudantes, que serán activados e desenvolvidos grazas ás inferencias, asociacións e interpretacións que suscitan os procesos de aprendizaxe.

CRE: siglas correspondentes á *Conferencia de Reitores das Universidades Europeas*.

CRÉDITO: unidade de medida e valoración da actividade académica en que se integran as ensinanzas teóricas e prácticas que constitúen cada plan de estudos. No caso dos ECTS refírese á carga de traballo que o estudante debe realizar para superar as materias establecidas no plan de estudos e alcanzar os obxectivos e as competencias requiridas para o perfil profesional.

CRITERIO: principio ou base axiomática definida a priori sobre a que se pode emitir unha valoración.

CRITERIO DE AVALIACIÓN: descrición do que o estudante debe realizar para demostrar que conseguiu o resultado da aprendizaxe.

CRUE: siglas correspondentes á *Conferencia de Rectores de las Universidades Españolas*. Trátase dunha asociación sen ánimo de lucro de ámbito estatal, constituída en decembro de 1994, formada polas Universidades públicas e privadas españolas que se asocian ao amparo da Lei 161/64, de 24 de decembro, e normas complementarias do Decreto 1440/65, de 20 de maio. Entre os seus fins atópase:

- Promover actividades sobre a promoción, xestión e desenvolvemento da Educación Superior e a Investigación Universitaria.
- Fomentar a cooperación das Universidades españolas entre si e con institucións análogas estranxeiras.
- Intercambiar información, promover estudos, informes e recomendacións que redundan nunha maior e máis eficaz cooperación coas administracións públicas.

Web: <http://www.crue.org>

DIRECTRICES XERAIS COMÚNS: as establecidas polo goberno e que son aplicables a todos os plans de estudos conducentes á obtención de títulos de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional.

DIRECTRICES XERAIS PROPIAS: as establecidas polo Goberno para cada título universitario oficial, ás cales deben axustarse as Universidades na elaboración dos respectivos plans de estudos, co fin de que estes poidan ser homologados.

ECA: siglas correspondentes á *European Consortium for Accreditation* (Consortio Europeo de Acreditación). Creado en novembro de 2003, integrando as axencias de acreditación de Alemaña, Austria, Bélxica, España, Holanda, Irlanda, Noruega e Suíza, o

seu obxectivo básico é desenvolver un conxunto de criterios e metodoloxías para que as decisións sobre acreditación tomadas nun país se recoñezan no resto, contribuíndo así ao recoñecemento de calificacións e á mobilidade en Europa.

Web: <http://www.eacaconsortium.net>

ECTS: siglas correspondentes á *European Credit Transfer and Accumulation System* (Sistema Europeo de Transferencia e Acumulación de créditos). É un sistema de créditos centrado no estudante, que se basea na carga de traballo do estudante necesaria para a consecución dos obxectivos dun programa. Estes obxectivos especificanse preferiblemente en termos dos resultados da aprendizaxe e das competencias que se deben de adquirir. Este sistema permite que os programas de estudo resulten comprensibles e comparables para todos os estudantes, tanto locais como estranxeiros; facilitan a mobilidade e o recoñecemento académico; axuda ás universidades a organizar e revisar os seus programas de estudos e fai que a educación superior europea sexa máis atractiva para os estudantes doutros continentes.

Web: http://europa.eu.int/comm/education/programmes/socrates/ects_es.html#2

EEES: siglas relativas ao Espazo Europeo de Educación Superior. Un reto ao que toda universidade europea ten que sumarse nos próximos anos, axudando a reorientar pedagoxicamente as ensinanzas, obrigando a definir con detalle os obxectivos, as aprendizaxes das materias, e aportando transparencia. Permitirá un recoñecemento máis doado das titulacións e facilitará a mobilidade dos estudantes universitarios así como a integración dos titulados nun mercado laboral único. Emprégase como sinónimo de converxencia europea.

EMPLEABILIDADE (EMPLOYMENT): grao de relevancia do programa de formación dunha ensinanza universitaria respecto ao mundo do traballo, o que significa dispor duns contidos, competencias, habilidades e aptitudes coherentes en relación con esa orientación.

ENQA: siglas da *European Network for Quality Assurance in Higher Education* (Rede Europea para a Garantía da Calidade). Ten por finalidade dar a coñecer información, experiencias, boas prácticas e novos desenvolvementos no campo da avaliación da calidade e a garantía de calidade na educación superior.

Web: <http://www.enqa.net>

ESIB: siglas correspondentes á *National Unions of Students in Europe* (Asociacións Nacionais de Estudantes en Europa). O seu obxectivo é representar e promover os intereses educativos, sociais, económicos e culturais de estudantes a nivel europeo.

Web: <http://www.esib.org>

ESTÁNDAR: valor dos indicadores que marcan os niveis de calidade.

EUA: siglas da *European University Assotiation* (Asociación Universitaria Europea). É o organismo representativo das universidades europeas e as Conferencias de Reitores Nacionais, que posúe membros en 45 países europeos. A súa misión é promover o desenvolvemento dun sistema coherente de educación superior europea e investigación, aconsellando aos seus membros, para reforzar as súas contribucións á sociedade e á calidade das súas actividades.

Web: <http://www.unige.ch/eua>

EURASHE: siglas da *European Association of Institutions in Higher Education* (Asociación Europea de Institucións en Educación Superior) fundada en Patras (Grecia) en 1990. Esta asociación organiza análises, estudos, conferencias e seminarios relacionados coa educación superior profesional en Europa; aconsella á Comisión Europea e ao

Grupo de Continuación de Boloña, en conexión coa preparación dos próximos cumios de Ministros europeos de Educación.

Web: <http://www.eurashe.be>

EVIDENCIA: probas que demostran a veracidade de datos aportados.

FORMACIÓN AO LONGO DA VIDA (LIFELONG): segundo a Unión Europea este concepto inclúe todas aquelas actividades de aprendizaxe formal ou informal, desenvolvidas co propósito de aprender e realizadas de forma continua, co obxectivo de mellorar os coñecementos, as habilidades e as competencias.

FORMACIÓN CULTURAL XERAL (LIFEWIDE): necesidade das persoas de adquirir unha formación global en todos os ámbitos e roles que desenvolven a cotío, non só no eido profesional.

GUÍA DOCENTE DA MATERIA: ás veces denominada GUIA DIDÁCTICA, é un dossier pensado para orientar a aprendizaxe autónoma dos estudantes. O profesorado reconstrúe a súa materia poñéndose no lugar do alumnado e deste xeito vai guiando a través do material que lle entrega o estudo de cada un dos temas do programa. A guía, que pode presentarse en formato impreso ou electrónico, contén unha introdución xeral sobre a disciplina e a mellor forma de estudala e posteriormente vai sinalando os seus obxectivos, os textos a traballar e as actividades a realizar resaltando os seus aspectos chave, as dificultades máis habituais nese tema ou práctica e as preguntas máis frecuentes que fan os alumnos. Ofrecense tamén actividades para a autoavaliación e suxerencias para ampliar ou profundizar sobre o tema. Resulta un recurso chave para propiciar unha aprendizaxe máis “titorizada” no caso de clases numerosas.

GUÍA DOCENTE DA TITULACIÓN: documento que recolle a presentación global da carreira ou estudos que se cursan, incluíndo unha descrición xeral dos mesmos (institución e titulación) e unha descrición pormenorizada de cada unha das materias que os compoñen. No proceso de converxencia constitúe o dispositivo chave e común para garantir a “visibilidade” da oferta formativa de cada titulación e a “mobilidade” dos estudantes.

HABILIDADE: conxunto de capacidades e destrezas para a correcta realización de traballos.

HOMOLOGACIÓN: equiparación entre a formación sancionada polo título estranxeiro e a que proporciona o que pode ser o correspondente español. Pode ser homologación a un título do catálogo de títulos universitarios oficiais ou a un grao académico. No primeiro caso, reconécese oficialmente a formación superada para a obtención dun título estranxeiro como equivalente á esixida para a obtención dun título español incluído no citado catálogo. No segundo, supón o recoñecemento oficial da formación superada para a obtención dun título estranxeiro como equivalente á esixida para a obtención dun grao académico inherente a calquera dos niveis en que se estruturan os estudos universitarios españois, e non a un título concreto.

HORAS PRESENCIAIS: períodos de docencia entre o profesor/a e un estudante ou grupo de estudantes que coinciden temporal e espacialmente.

INDICADOR: expresión cualitativa ou cuantitativa para medir ata que punto se conseguen os obxectivos fixados previamente en relación aos diferentes criterios a valorar para un programa determinado. Cada criterio pódese valorar con un ou varios indicadores asociados.

INFORME DE AUTOAVALIACIÓN: documento elaborado polo Comité de Autoavaliación. É o documento resultante do autodiagnóstico realizado pola unidade seguindo o protocolo da guía de autoavaliación.

INFORME DE AVALIACIÓN EXTERNA: documento que expresa o contraste que os avaliadores externos fan do proceso de autoavaliación unha vez revisado o informe e realizada a visita en busca das evidencias. Contén a información recollida, os resultados, as propostas e as recomendacións de mellora suxeridas polo Comité de Avaliadores Externos á unidade avaliada.

INFORME FINAL: nos procesos de avaliación institucional, consiste nun documento elaborado desde a ANECA en base ao Informe do Comité de Autoavaliación e o Informe de Avaliación Externa, que inclúe un plan de melloras orientadas a aumentar a calidade e fundamentadas no diagnóstico previo.

INFORME TRANSVERSAL DA TITULACIÓN: documento elaborado pola ANECA ou pola ACSUG en que se realiza un diagnóstico da situación da titulación avaliada.

LEI DE REFORMA UNIVERSITARIA (LRU): lei 11/1983, de 25 de Agosto, establece o dereito á educación superior, á vez que consagra a autonomía universitaria, a responsabilidade da universidade fronte á sociedade como servizo público de educación superior referido aos intereses xerais de toda a comunidade nacional e das súas respectivas comunidades autónomas.

Na LRU regúlase a creación, réxime xurídico e estrutura das universidades, os órganos de goberno, a creación do Consello de Universidades como máximo órgano de coordinación universitario, o estudo, o profesorado, o persoal de administración e servizos, o réxime económico e financeiro e as universidades privadas.

LEI ORGÁNICA DE UNIVERSIDADES (LOU): lei 6/2001, de 21 de decembro, trata de mellorar a calidade docente, investigadora e de xestión das universidades, fomentar a mobilidade de estudintes e profesores, afondar na creación e transmisión do coñecemento como eixo da actividade académica, responder aos retos derivados tanto da ensinanza superior non presencial a través das novas tecnoloxías da información e da comunicación como da formación ao longo da vida, e integrarse competitivamente xunto aos mellores centros de ensinanza superior no novo espazo universitario europeo que se está comezando a configurar.

Dedica o título XIII ao EEES, considerando na súa exposición de motivos: a regulación das ensinanzas e títulos mediante garantías de calidade; distintos niveis de control; a avaliación dos plans de estudo tras un período inicial de implantación; medidas para adaptarse ao EEES e medios para dar resposta ás necesidades de mellorar as ensinanzas universitarias en avaliación, certificación e acreditación.

No artigo 87 trátase a integración no Espazo Europeo de Ensinanza Superior, e afirmase que no ámbito das súas respectivas competencias, o goberno, as comunidades autónomas e as universidades adoptarán as medidas necesarias para a plena integración do sistema español no EEES. O artigo 88 trata das ensinanzas e títulos: estrutura por ciclos, unidade de medida do crédito europeo, o suplemento europeo ao título, a mobilidade de estudantes e as bolsas, mentres que no artigo 89 trata do profesorado e da mobilidade de profesores.

LIBERDADE DE CÁTEDRA: a liberdade de cátedra asegura a cada profesor/a a máxima independencia de criterio e expresión científicos no cumprimento da súa función docente. Esa liberdade terá como límite o dereito que todo alumno/a posúe a ser informado con rigor científico sobre aquelas teses ou teorías que o docente declare non compartir.

LIBERDADE DE ESTUDIO: implica o dereito do alumnado a integrarse nos centros, as especialidades e as disciplinas que prefira e a participar de forma activa e crítica no seu proceso de formación intelectual e científica.

LIBERDADE DE INVESTIGACIÓN: garante o dereito de calquera membro da comunidade universitaria a investigar na liña que elixa, así como a recibir da universidade, das institucións públicas e dos diferentes axentes sociais o apoio suficiente para exercer dito labor.

MELLORA CONTINUA: concepto empregado nos modelos de xestión que implica un esforzo continuado da organización para avanzar na calidade do programa formativo.

MOBILIDADE: no marco da Educación Superior, falarmos de mobilidade significa facer referencia aos programas de intercambio humano, de experiencias e de información que poden realizar institucións educativas españolas cun amplo surtido de institucións educativas dos Estados membros da U.E de todos os niveis educativos. Estes programas teñen como obxectivo que a diversidade e as particularidades de cada sistema educativo se convirtn nunha fonte de enriquecemento e de estímulo recíproco. Entre outros, destaca o programa Sócrates, cuxa acción principal se desenvolve baixo o programa Erasmus dirixido ao ensino superior.

MÓDULOS DE APRENDIZAXE / MODULARIDADE: forma específica de ensino que agrupa un conxunto de actividades que facilitan a consecución de obxectivos prefixados, e a demostración dos pasos seguidos para acadalos facilitando a posibilidade real de realizar cambios nos programas de ensinanza, substituíndo ou adaptando distintos módulos que dependen das competencias ou obxectivos dos alumnos. O módulo pode presentar a descrición dos seguintes elementos:

- a) xustificación da súa importancia en termos empíricos, teóricos ou prácticos,
- b) obxectivos e distintas habilidades que se esperan acadar,
- c) requisitos previos ao inicio do módulo,
- d) procedementos que empregarán para realizar unha avaliación final,
- e) métodos de recuperación para aqueles estudantes que non acadaron os obxectivos previstos.

PERFIL PROFESIONAL: representación dos niveis das distintas esixencias dunha determinada actividade profesional, o que permite observar as características que deben presentar as persoas idóneas para ocupar esa actividade. Isto significa un conxunto coherente de habilidades, coñecementos e capacidades necesarios para exercer unha gama máis ou menos ampla de postos de traballo afíns a un campo profesional.

PLAN DE ESTUDOS: o deseño curricular concreto respecto dunhas determinadas ensinanzas realizado por unha Universidade, coa suxección ás directrices xerais propias. A superación do plan de estudos dá dereito á obtención dun título universitario de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional.

PLAN DE MELLORAS: conxunto de accións planificadas, priorizadas, temporizadas e dirixidas para mellorar a unidade e o proceso de avaliación. Son consecuencia dos xuízos de valor e constitúen unha parte substancial e imprescindible de todos os informes. Faino a universidade á vista dos resultados da avaliación externa.

PORTAFOLIOS: comunmente pode definirse como un utensilio de material flexible, de forma rectangular, empregado para gardar papeis e similares. Como material didáctico, trátase dun recurso onde o estudante vai acumulando a experiencia vivida (apuntamentos, follas de rexistro, recensións, documentos gráficos, etc.) en relación a un determinado proceso de ensino-aprendizaxe (unha materia, un bloque de contidos, unha actividade puntual,...). Ademais da descrición do contido debe incluír unha reflexión /valoración do proceso e o produto.

PRACTICUM: período de formación práctica que ten por finalidade o perfeccionamento e a complementación dos coñecementos adquiridos, así como a iniciación directa na actividade profesional. Este período garante o achegamento do alumno ao mundo laboral e realízase xeralmente en centros propios ou centros e institucións externas á Universidade, vencellados con ela a través de convenios de colaboración.

PROGRAMA ERASMUS: principal programa de intercambio de estudantes universitarios a nivel europeo. Dentro do programa Sócrates de acción educativa europea, Erasmus pretende mellorar a calidade da educación superior e reforzar a súa dimensión europea, fomentando a cooperación transnacional entre universidades, potenciando a mobilidade europea e mellorando a transparencia e o recoñecemento académico de estudos e cualificacións no seo da Unión Europea. Erasmus concede bolsas de mobilidade a estudantes e docentes en centros de educación superior de todo tipo e abarca todas as disciplinas e niveis de estudos, incluído o doutoramento. Erasmus está composto por tres subaccións interrelacionadas:

- Erasmus 1: Cooperación interuniversitaria europea.
- Erasmus 2: Mobilidade de estudantes e profesorado universitario.
- Erasmus 3: Redes temáticas.

Web: <http://www.mec.es/consejou/erasmus/>

PROGRAMA ERASMUS MUNDUS: o programa Erasmus Mundus ten como obxectivo reforzar a cooperación europea e os vínculos internacionais na ensinanza superior financiando másters europeos de alta calidade, que permitan aos estudantes e docentes universitarios de todo o mundo cursar estudos de posgrao nas universidades europeas, e que fomenten ao mesmo tempo, a mobilidade dos estudantes e universitarios europeos cara a terceiros países.

Web: http://europa.eu.int/comm/education/programmes/mundus/index_esp.html

PROGRAMA LEONARDO DA VINCI (2000-2006): programa da Unión Europea en que se desenvolven, entre outras accións, o intercambio de estudantes para realizar prácticas en empresas europeas. Poden solicitar participar neste programa o alumnado de últimos cursos e os titulados/as nos tres últimos anos. Contéplanse estancias de prácticas en empresas europeas entre un mínimo de tres meses e un máximo dun ano.

Web: <http://www.mec.es/fp/leonardo/>

PROGRAMA SÓCRATES (2000-2006): dúas son as liñas mestras que inspiran a filosofía deste programa: a promoción da aprendizaxe ao longo de toda a vida e o desenvolvemento dunha Europa do coñecemento. Contempla dous tipos básicos de accións: centralizadas, xestionadas e executadas pola Comisión Europea, e descentralizadas, xestionadas e executadas polas Axencias Nacionais dos respectivos países. Inclúe oito eidos temáticos distintos.

- Comenius: para a ensinanza escolar.
- Erasmus: para a ensinanza superior.
- Grundtvig: para a educación de adultos e outros itinerarios formativos.
- Lingua: para a ensinanza e aprendizaxe das linguas europeas.
- Minerva: para as tecnoloxías da información e a comunicación no eido educativo.
- Observación e innovación dos sistemas e políticas educativas.
- Accións conxuntas con outros programas europeos.
- Medidas de acompañamento.

Os tres primeiros corresponden ás tres etapas existentes no itinerario educativo ao longo da vida dunha persoa: escola, universidade e educación de adultos. Os cinco restantes son transversais.

Web: [http:// www.mec.es/sgpe/socrates](http://www.mec.es/sgpe/socrates)

Web: http://europa.eu.int/comm/education/programmes/socrates/socrates_es.html

PROGRAMACIÓN: denominada, en ocasións, PROGRAMA é un proxecto educativo-didáctico específico desenvolvido polos profesores/as para un grupo de alumnos/as en particular, nunha situación concreta e para unha ou varias disciplinas.

PROXECTO TUNING: trátase dun proxecto financiado pola Comisión Europea no marco do programa Sócrates creado para responder ó reto da Declaración de Bolonia e do Comunicado de Praga. Nace co desexo de contribuir significativamente á creación do EEES gracias á búsqueda do consenso, a transparencia e a confianza mútua para chegar a definir puntos de referencia común que permitan aumentar a calidade das titulacións e dos programas en Europa.

RECOÑECIMENTO ACADÉMICO: é unha condición *sine qua non* para a mobilidade estudiantil no marco dos programas Erasmus/Sócrates. Supón a aceptación de que o período de estudos no estranxeiro, incluídos os exames e outras formas de avaliación, equivale efectivamente a un período de estudos comparable (incluídos exames e outras formas de avaliación) no centro de orixe, a pesar das posibles diferenzas de contido dos programas.

RED-U: siglas correspondentes á *Rede Estatal de Docencia Universitaria* creada co obxecto de ter un espazo común para a difusión e intercambio de políticas, experiencias, metodoloxías, e ferramentas empregadas por diversas universidades para avaliar e mellorar a calidade docente e da aprendizaxe universitaria. Entre os seus obxectivos podemos enumerar:

- Promover a comunicación entre os profesionais da docencia universitaria.
- Impulsar a formación docente do profesorado universitario.
- Intercambiar experiencias e recursos para a formación.
- Apoiar os esforzos dirixidos a conseguir unha maior calidade na docencia universitaria.
- Favorecer a discusión multidisciplinar sobre a docencia universitaria.
- Discutir e estimular políticas universitarias que promovan a calidade docente.

Web: <http://www.uam.es/servicios/apoyodocencia/ice/redu>

RESULTADOS DA APRENDIZAXE (LEARNING OUTCOMES): contidos que o estudante debe coñecer, entender e/ou ser capaz de demostrar tras rematar o proceso de aprendizaxe. Os resultados da aprendizaxe non deben confundirse cos obxectivos da aprendizaxe, xa que os primeiros se ocupan dos logros do estudante, mentres que os segundos se centran nas intencións de conxunto do profesor. Os resultados da aprendizaxe deben estar acompañados por criterios de avaliación apropiados, que poden ser empregados para xulgar se os resultados da aprendizaxe fixados foron acadados.

Os resultados de aprendizaxe, xunto cos criterios de avaliación, especifican os requirimentos mínimos para a concesión do crédito, mentres que as notas (cualificacións) se basean no nivel, por riba ou por debaixo, dos requisitos mínimos para a concesión do crédito.

A acumulación e a transferencia de créditos facilítase se os resultados da aprendizaxe son expresados con claridade indicando con precisión as cousas polas que se outorga o crédito.

RÉXIME DE PERMANENCIA: é o conxunto de normas que regulan a permanencia dos estudantes de primeiro e segundo ciclo na universidade. Esta normativa é fixada polo Consello Social, de acordo coa competencia que lle atribúe a LOU.

SISTEMA DE ACUMULACIÓN DE CRÉDITOS: conxunto de normas e procedementos que permiten a tradución dos coñecementos adquiridos polos estudantes en programas distintos e, deste modo, facilitan a mobilidade académica. Nun sistema de acumulación de créditos, os resultados da aprendizaxe levan especificado o total de créditos que se deben superar para completar con éxito o programa de estudos. Os créditos son concedidos e acumulados se os obxectivos da aprendizaxe do programa foron comprobados a través do sistema de avaliación correspondente.

SUPLEMENTO EUROPEO AO TÍTULO (DIPLOMA SUPPLEMENT-DS-): é un anexo ao título orixinal deseñado para proporcionar unha descrición da natureza, nivel, contexto, contido e estatus dos estudos que se fixeron e remataron satisfactoriamente. Está baseado no modelo desenvolvido pola Comisión Europea, o Consello de Europa e a CEPES-UNESCO. Mellora a transparencia internacional e o recoñecemento académico-profesional das cualificacións.

TITORÍA: período de instrución realizado por un titor a un alumno ou a un grupo reducido de alumnos, durante a formación dos estudantes e mediante a atención personalizada, co obxectivo tanto de repasar ou discutir os materiais dunha determinada materia e orientar na súa aprendizaxe, como de proporcionar información sobre a institución universitaria, o plan de estudos,... e as saídas profesionais en xeral.

Desde unha concepción ampla da educación en que se pretende o desenvolvemento integral e personalizado do estudante, a función titorial comporta unha grande importancia para guiar, apoiar e orientar aos estudantes no desenvolvemento da súa madurez e autonomía, nos procesos de toma de decisións persoais e académicos, e na procura de mecanismos de inserción social e profesional satisfactorios.

TÍTULO: cualificación concedida por unha institución de educación superior despois da finalización satisfactoria do programa de estudos correspondente. Nun sistema de acumulación de créditos, o programa é completado despois de superar un número determinado de créditos concedidos unha vez que se conseguiron os resultados da aprendizaxe.

TÍTULO OFICIAL: acreditación expedida polas Universidades unha vez que se supera un plan de estudos de carácter oficial, con valor académico e profesional en todo o territorio nacional. O dito título é determinado e establecido polo Goberno.

TÍTULO PROPIO: acreditación expedida polas Universidades respecto das ensinanzas ás que se refire o artigo 34.3 da Lei Orgánica de Universidades, carente dos efectos que as disposicións legais outorguen aos títulos oficiais.

TRANSPARENCIA: principio que, aplicado á ensinanza superior, fomenta a xeración e difusión de información sobre as características que definen tanto as institucións educativas como os programas e servizos que prestan, co obxectivo de mellorar a toma de decisións dos distintos axentes académicos, políticos e sociais vencellados.

UNIDADE TÉCNICA DE CALIDADE: denominación xenérica do órgano da universidade encargado de dar soporte e asesoramento técnico á unidade nos procesos de avaliación, acreditación e certificación desenvolvidos na institución.

XUÍZO DE VALOR: valoracións críticas baseadas en evidencias sobre a situación en que se atopa a unidade avaliada respecto do protocolo de avaliación, certificación ou acreditación. Son elementos imprescindibles nos informes de avaliación externa e auditoría.

6

ALGUNHAS REFERENCIAS PARA A CONSULTA

A) AXENCIAS PARA A CALIDADE NAS COMUNIDADES AUTÓNOMAS

- **ACAP:** Agencia de Calidad, Acreditación y Prospectiva de las Universidades de Madrid.
http://www.madrid.org/comun/org_acap
- **ACECAU:** Agencia Canaria de Evaluación de la Calidad y Acreditación Universitaria.
<http://www.educa.rcanaria.es/dgui/webdgu>
- **ACSUCYL:** Agencia de Calidad del Sistema Universitario de Castilla y León.
<http://www.acsucyl.com/>
- **ACSUG:** Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia
<http://www.acsug.com/>
- **AQU:** Agència per la Qualitat del Sistema Universitari de Catalunya.
<http://www.aqucatalunya.org>
- **AQUIB:** Agència de Qualitat Universitària de les Illes Balears.
<http://www.aquib.org>
- **CVAEC:** Comisión Valenciana de Acreditación y Evaluación de la Calidad.
<http://www.cult.gva.es/dgeui/cvaec>

- **UCUA:** Unidad para la Calidad de las Universidades Andaluzas.
<http://www.ucua.es>

B) ESPAZO EUROPEO DE EDUCACIÓN SUPERIOR OU PROGRAMA DE CONVERXENCIA EUROPEA

- ANECA:
http://www.aneca.es/modal_eval/prog_conver.html
- CRUE:
<http://www.crue.org/espaeuro/euroindex.htm>
- MECD:
<http://wwwn.mec.es/univ/jsp/plantilla.jsp?id=3501>
- Universia:
<http://www.universia.es/contidos/universidades/eees/eees.htm>
- Universidade Autónoma de Barcelona:
<http://magno.uab.es/o-coordinacio-institucional/web-oficina>
- Universidade Autónoma de Madrid:
<http://www.uam.es/europea/>
- Universidade Carlos III de Madrid:
<http://www.uc3m.es/CG/EEES/espacioeuropeo.html>
- Universidade Complutense de Madrid:
<http://www.ucm.es/info/vestud/Convergencia/Convergencia.htm>
- Universidade de Alacant:
<http://www.eees.ua.es/>
- Universidade de Alcalá de Henares:
http://www.uah.es/universidad/espacio_europeo/
- Universidade de Barcelona:
<http://www.ub.es/ub/europa/>
- Universidade de Cádiz:
http://www.uca.es/convergencia_europea/
- Universidade de Cantabria:
<http://www.unican.es/WebUC/Internet/eees/index.htm>
- Universidade de Castela-A Mancha:
<http://www.uclm.es/EspacioEuropeoES/index.asp>
- Universidade da Coruña:
<http://www.udc.es/eees/>
- Universidade de Deusto:
<http://www.relint.deusto.es/TuningProject/index.htm>
- Universidade de Extremadura:
<http://eco.unex.es/eees.htm>
<http://www.fyl-unex.com/EEES/>
- Universidade de Girona:
<http://www.udg.es/udgeuropa/>

- Universidade de Granada:
<http://invest.ugr.es/guia-t/EspacioEuropeo/index.htm>
- Universidade de Huelva:
<http://www.uhu.es/ori/info/convergencia/europa.htm>
- Universidade Jaume I:
<http://www.unican.es>
- Universidade de A Laguna:
http://www.ull.es/docencia/cr_europeo.html
- Universidade de As Palmas:
<http://www.ulpgc.es/index/espacioeuropeo/>
- Universidade de León:
<http://www3.unileon.es/rec/calidad/espacioeuropeo/>
- Universidade de Murcia:
<http://www.um.es/vic-calidad/eees/index.php>
- Universidade de Salamanca:
http://www.usal.es/webusal/Novedades/noticias/espacio_europeo.htm
- Universidade de Santiago de Compostela:
<http://www.ti.usc.es/webvprof/espacioeuropeo/menu.asp>
- Universidade de Sevilla:
<http://www.us.es/us/temasuniv/espacio-euro>
- Universidade de València:
<http://www.uv.es/>
- Universidade de Vigo:
<http://www.uvigo.es/eees>
- Universidade de Zaragoza:
<http://www.unizar.es/eees/>
- Universidade Politécnica de Cataluña:
<http://www.upc.es/upcfaeuropa/>
- Universidade Politecnica de Valencia:
<http://www.upv.es/europa/intro.htm>
- Universidade Pública de Navarra:
<http://www.unavarra.es/directo/fcee/espacioeuropeo.htm>
- Universitat Rovira i Virgili:
<http://www.urv.es/eeuropeu/marcos.htm>

DOCUMENTACIÓN

Sobre acreditación:

- <http://www.accreditation-council.de/criteria.htm>
- http://www.unige.ch/cre/activities/accreditation/accreditation_home.htm

Sobre ECTS:

- <http://europe.eu.int/comm/education/socrates/ects.html>

- <http://europe.eu.int/comm/education/socrates/ectsext.html>
- http://www.esib.org/prague/documents/bp-credits_ats.htm
- <http://www.bologna-berlin2003.de/pdf/Tagung%20Zuerich.pdf>

Sobre o Suplemento ao Título:

- http://europa.eu.int/comm/education/policies/rec_qual/recognition/diploma_es.html
- <http://www.cepes.ro/hed/recogn/groups/diploma/pattern.htm>
- <http://www.cepes.ro/hed/recogn/groups/diploma/Default.htm>
- <http://gia1.di.uminho.pt/dsdt/>

LEXISLACIÓN BÁSICA AUTONÓMICA

Lei 11/1989, do 20 de xullo, de Ordenación do Sistema Universitario de Galicia (D.O.G. 16 de agosto de 1989).

Decreto 3/1990, do 11 de xaneiro de segregación de centros e servizos da Universidade de Santiago de Compostela con tódolos seus medios materiais e humanos e da súa integración nas novas Universidades da Coruña e Vigo (D.O.G. 24 de xaneiro de 1990).

Resolución do 12 de marzo de 2001, da Dirección Xeral de Universidades, pola que se publica o convenio de colaboración asinado o día 30 de xaneiro de 2001 entre a Xunta de Galicia, a través da Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria e a Secretaría Xeral de Investigación e Desenvolvemento, e as Universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo para a creación do Consorcio Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia –ACSUG– (D.O.G. do 5 de abril).

Decreto 266/2002, do 6 de setembro, de contratación do profesorado universitario (D.O.G. do 17 de setembro).

Orde, do 1 de abril de 2003, pola que se establecen os criterios xerais de informe e avaliacións da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia para a contratación do persoal docente e investigador (D.O.G. do 21 de abril).

Lei 1/2003, do 9 de maio, dos Consellos Sociais do Sistema Universitario de Galicia (D.O.G. do 30 de maio), (B.O.E. do 2 de xullo).

Lei 2/2003, do 22 de maio, do Consello Galego de Universidades (D.O.G. do 3 de xuño), (B.O.E. do 2 de xullo).

Decreto 270/2003, do 22 de maio, regulador da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (D.O.G. do 4 de xuño).

Decreto 394/2003, do 16 de outubro, polo que se crea o Rexistro de Profesorado Universitario Contratado (D.O.G. do 29 de outubro).

Decreto 55/2004, do 4 de marzo, polo que se establecen as retribucións adicionais vinculadas a méritos individuais docentes, investigadores e de xestión do profesorado universitario (D.O.G. do 22 de marzo).

Orde, do 23 de xuño de 2004, pola que se aproba o protocolo de avaliación e informe para a contratación de profesorado polas universidades integrantes do Sistema Universitario de Galicia (D.O.G. de 5 de xullo).

LEXISLACIÓN BÁSICA ESTATAL

Lei Orgánica 11/1983, do 25 de agosto, de Reforma Universitaria, (B.O.E. del 1 de setembro).

Real Decreto 1497/1987, do 27 de novembro, polo que se establecen directrices xerais comúns dos plans de estudo dos títulos universitarios de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional (B.O.E. do 14 de decembro).

Real Decreto 1267/1994, do 10 de xuño, polo que se modifica o Real Decreto 1497/1987, do 27 de novembro, polo que se establecen as directrices xerais comúns dos plans de estudos dos títulos universitarios de carácter oficial e diversos Reais Decretos que aproban as directrices xerais propias dos mesmos.

Real Decreto 1954/1994, do 30 de setembro, sobre Homologación de Títulos aos do catálogo de títulos universitarios oficiais creado polo Real Decreto 1497/1987, do 27 de novembro (B.O.E. do 17 de novembro).

Real Decreto 2347/1996, do 8 de novembro, polo que se modifica o Real Decreto 1497/1987, do 27 de novembro, polo que se establecen as directrices xerais comúns dos plans de estudo dos títulos universitarios de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional, así como o Real Decreto 1267/1994, do 10 de xuño, que modifica o anterior.

Real Decreto 614/1997, do 25 de abril, polo que se modifica parcialmente o Real Decreto 1497/1987, do 27 de novembro, polo que se establecen as directrices xerais comúns dos plans de estudos dos títulos universitarios de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional, modificado parcialmente polos Reais Decretos 1267/1994, do 10 de xuño, e 2347/1996, do 8 de novembro.

Real Decreto 779/1998, do 30 de abril, polo que se modifica parcialmente o Real Decreto 1497/1987, do 27 de novembro, polo que se establecen as directrices xerais comúns dos plans de estudo dos títulos universitarios de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional, modificado parcialmente polos Reais Decretos 1267/1994, do 10 de xuño; 2347/1996, do 8 de novembro, e 614/1991 do 25 de abril.

Real Decreto 69/2000, do 21 de xaneiro, polo que se regulan os procedementos de selección para o ingreso nos centros universitarios dos estudantes que reúnan os requisitos legais necesarios para o acceso á universidade (B.O.E. do 22 de xaneiro).

Lei Orgánica 6/2001 de Universidades, do 21 de decembro (B.O.E. do 24 de decembro).

Real Decreto 774/2002, do 26 de xullo, polo que se regula o sistema de habilitación nacional para o acceso a corpos funcionarios docentes universitarios e o réxime dos concursos de acceso respectivos (B.O.E. do 7 de agosto).

Real Decreto 1052/2002 do 11 de outubro, polo que se regula o procedemento para a obtención da avaliación da *Agencia Nacional de Evaluación de la Calidad y Acreditación*, e da súa certificación, a efectos de contratación de persoal docente e investigador universitario (B.O.E. do 21 de outubro).

Resolución, do 17 de outubro de 2002, da Dirección Xeral de Universidades, pola que se publican os criterios xerais de avaliación da *Agencia Nacional de Evaluación de la Calidad y Acreditación* (ANECA) para a contratación de persoal docente e investigador

e determínase o procedemento de presentación de solicitudes de avaliación o informe (B.O.E. do 30 de outubro).

Real Decreto 1044/2003, do 1 de agosto, polo que se establece o procedemento para expedición polas universidades do Suplemento Europeo ao Título (B.O.E. do 11 de setembro).

Real Decreto 1125/2003, do 5 de setembro, pola que se establece o Sistema Europeo de Créditos e o Sistema de Cualificacións nas titulacións universitarias de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional (B.O.E. do 18 de setembro).

Real Decreto 1504/2003, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento do Consello de Coordinación Universitaria (B.O.E. do 6 de decembro).

Real Decreto 285/2004, do 20 de febreiro, polo que se regulan as condicións de homologación e convalidación de títulos e estudos extranxeiros de educación superior (B.O.E. de 4 de marzo).

7. ANEXOS

7.1. “DECLARACIÓN DA SORBONA”

Declaración conxunta para a harmonización do deseño do Sistema de Educación Superior Europeo a cargo dos catros ministros representantes de Francia, Alemaña, Italia e Reino Unido.

A Sorbona, París
25 de maio de 1998

Recentemente, o proceso europeo deu pasos de extremada importancia. A pesar da relevancia que isto ten, non deberíamos esquecer que ao falar de Europa non só deberíamos referirnos ao euro, ao bancos e á economía, senón que tamén debemos pensar nunha Europa de coñecementos. É o noso deber consolidar e desenvolver as dimensións intelectuais, culturais, sociais e técnicas do noso continente. Estas foron modeladas, en gran medida, polas universidades, que aínda desempeñan un papel imprescindible no seu desenvolvemento.

As universidades naceron en Europa hai uns tres cuartos de milenio. Os nosos catro países posúen algunhas das máis antigas, e celebran actualmente importantes aniversarios, como é hoxe o caso da Universidade de París. Daquela, os estudantes e os académicos acostumaban circular libremente e difundían con rapidez os seus coñecementos por todo o continente. Na actualidade, gran número dos nosos estudantes aínda se gradúa sen ter a oportunidade de realizar un período de estudos na outra marxe das fronteiras nacionais.

Aproxímase un tempo de cambios para as condicións educativas e laborais, unha diversificación do curso das carreiras profesionais, en que a educación e a formación continua constitúen unha obriga evidente. Estamos a deber ao nosos estudantes e á sociedade no seu conxunto un sistema de educación superior que lles ofrezca as mellores oportunidades para buscar e atopar o seu propio ámbito de excelencia.

Unha área europea aberta á educación superior trae consigo unha grande riqueza de proxectos positivos, sempre respectando a nosa diversidade, pero require, por outra banda, o esforzo continuo que permita rematar coas fronteiras e desenvolver un marco de ensino e aprendizaxe. Agárdase que, de agora en diante, este favoreza unha mobilidade e unha cooperación máis estreitas.

O recoñecemento internacional e o atractivo potencial dos nosos sistemas residen nas facilidades de comprensión que estes ofertan no relativo tanto aos seus aspectos internos como externos. Semella estar emerxendo un sistema composto de dous ciclos, universitario e de posgrao, que servirá de pedra angular á hora de establecer as comparacions e equivalencias a escala internacional.

Grande parte da orixinalidade e flexibilidade deste sistema acadarase por medio do sistema de créditos, como no sistema ECTS, (Sistema Europeo de Transferencia de Créditos) e semestres. Isto permitirá a convalidación dos créditos obtidos para aqueles que elixan un ensino inicial ou continuo nalgunha das universidades europeas e, así mesmo, teñan intención de obter unha titulación. De feito, os estudantes deberán ser capaces de acceder ao mundo académico en calquera momento da súa vida profesional e dende diversos campos.

Deberíase facilitar aos universitarios o acceso a gran variedade de programas, a oportunidades para levar a cabo estudos multidisciplinares, ao perfeccionamento de idiomas e á habilidade para empregar as novas tecnoloxías informativas.

Resulta importante o recoñecemento internacional da titulación de primeiro ciclo como un nivel de cualificación apropiado para o éxito desta iniciativa, en que desexamos ofertar unha visión clara de todos os nosos esquemas de educación superior.

No ciclo de posgrao cabería a elección entre unha titulación de máster de curta duración e unha titulación de doutoramento máis extensa, coa posibilidade de cambiar entre unha e outra. Nas dúas titulacións de posgrao, poríase o énfase apropiado tanto na investigación coma no traballo autónomo.

Tanto no nivel universitario como no de posgrao, animaríase aos estudantes a pasar un semestre, como mínimo, en universidades situadas fóra dos seus países. Ao mesmo tempo, habería máis persoal docente e adicado á investigación realizando as súas actividades profesionais noutros países europeos diferentes aos de orixe. O apoio crecente da Unión Europea, no que á mobilidade de estudantes e profesores se refire, debería ser aproveitada ao máximo.

Moitos países, non só europeos, tomaron plena conciencia da necesidade de fomentar dita evolución. As conferencias de reitores europeos, presidentes universitarios, e grupos de peritos e académicos dos nosos respectivos países embarcaron na tarefa de análise destes obxectivos.

O ano pasado, en Lisboa, acordouse unha convención que recoñece as cualificacións obtidas en educación superior en Europa dentro do campo académico. A convención estableceu unha serie de requirimentos básicos e recoñeceu a cada país o dereito a tomar parte nun proxecto aínda máis construtivo. Apoiándonos nestas conclusións, podemos levar a cabo unha mellora e chegar máis lonxe. Actualmente xa existen máis puntos en común para o recoñecemento mutuo das titulacións de educación superior canto a propósitos profesionais a través das respectivas directrices da Unión Europea.

Os nosos gobernos, non obstante, aínda teñen que desempeñar un papel significativo mediante a promoción de medios que permitan a convalidación dos coñecementos adquiridos e o mellor recoñecemento das respectivas titulacións. Agardamos que todo isto promova máis acordos interuniversitarios. A harmonización progresiva do marco xeral das nosas titulacións e ciclos pode acadarse a través da consolidación da experiencia xa existente, das titulacións conxuntas, das iniciativas piloto e dos diálogos en que nos involucremos todos.

Pola presente, ofrecemos o noso compromiso para a promoción dun marco común de referencia, adicado a mellorar o recoñecemento externo e facilitar tanto a mobilidade estudiantil como as oportunidades de emprego. O aniversario da Universidade de Parides, hoxe aquí na Sorbona, ofrécenos unha oportunidade solemne de participar nunha iniciativa de creación dunha zona Europea adicada á Educación Superior, onde as identidades nacionais e os intereses comúns podan relacionarse e reforzarse para o beneficio de Europa, dos seus estudantes e en xeral dos seus cidadáns. Dirixímonos a outros estados membros da Unión Europea e a outros países europeos para que se unan a nós nesta iniciativa, así como a todas as universidades europeas para que se consolide a presenza de Europa no mundo a través da educación continua e actualizada que se ofrece aos seus cidadáns.

Claude Allègre (Ministro de Investigación Educativa Nacional e Tecnoloxía, Francia)

Tessa Blackstone (Ministro de Educación Superior, Reino Unido)

Luigi Berlinger (Ministro de Educación Pública, Universidade e Investigación, Italia)

Jürgen Ruetters (Ministro de Educación, Ciencias, Investigación e Tecnoloxía, Alemaña)

7.2. “DECLARACIÓN DE BOLOÑA”

Declaración conxunta dos ministros europeos* de ensino sobre o Espazo Europeo de Ensino Superior.

Boloña

19 de xuño de 1999

O proceso europeo, grazas aos logros extraordinarios dos últimos anos, converteuse nunha realidade cada vez máis concreta e determinante na vida da Unión e dos seus cidadáns. As perspectivas de ampliación e de intensificación das relacións con outros países europeos proporcionan a esa realidade unhas dimensións aínda máis amplas. Ao mesmo tempo, estamos a ver unha crecente concienciación, en moitas partes do mundo político-académico e na opinión pública, da necesidade de conferir á construción europea unha articulación diferenciada e completa, reforzando sobre toda as súas dimensións intelectuais, culturais, sociais, científicas e tecnolóxicas.

A Europa dos coñecementos está amplamente recoñecida como factor insustituíble para o crecemento social e humano e como elemento indispensable para consolidar e enriquecer a cidadanía europea, conferindo aos seus cidadáns as competencias necesarias para afrontar os retos do novo milenio, xunto coa concienciación dos valores compartidos e da preferencia dun espazo social e cultural común.

Baseándose nestes propósitos, a declaración da Sorbona do 25 de maio de 1998, subliñou o papel central das universidades no desenvolvemento da dimensión cultural europea. Así mesmo, fixo fincapé na construción do Espazo Europeo de Educación Superior como instrumento na promoción da mobilidade dos cidadáns, a súa ocupabilidade e o desenvolvemento global do continente.

Varios países europeos aceptaron a convidación de comprometerse a conseguir os obxectivos expostos na declaración, tanto os que a asinaron como os que expresaron o seu acordo. O enderezo tomado por varias reformas do ensino superior, lanzadas mentres tanto en Europa, é unha demostración palpable do compromiso de moitos gobernos de operar neste senso.

Pola súa parte, as institucións europeas de ensino superior aceptaron o reto e teñen asumido un papel principal na construción do Espazo Europeo de Educación Superior, dentro do marco dos principios fundamentais expresados na Magna Charta Universitatum de Boloña de 1988. Este feito é de vital importancia xa que a independencia e autonomía das universidades garanten a constante adecuación do sistema de ensino superior e de investigación ás necesidades e esixencias da sociedade e do coñecemento científico.

O rumbo xa está establecido con firmes propósitos. Con todo, a consecución dunha maior compatibilidade e posibilidade de comparación dos sistemas de ensino superior requi-

* Alemaña, Austria, Bélxica, Chequia, Dinamarca, Eslovaquia, Eslovenia, Estonia, España, Finlandia, Francia, Grecia, Holanda, Hungría, Irlanda, Islandia, Italia, Letonia, Lituania, Luxemburgo, Malta, Noruega, Polonia, Portugal, Reino Unido, Rumania, Suecia, Suíza.

re un impulso constante. Deberíamos apoiála a través de medidas concretas para realizar avances tanxíbles. O convenio do 18 de xuño, no cal participaron peritos e estudosos de todos os nosos países, proporcionou indicacións moi útiles canto á iniciativa a emprender.

Deberíamos analizar sobre todo o obxectivo de incrementar a competitividade internacional do sistema europeo de ensino superior. A vitalidade e eficacia de calquera civilización poden medirse a través da atracción que exerce a súa cultura sobre outros países. Debemos asegurarnos de que o Sistema Europeo de Educación Superior adquira un grao mundial de atracción que corresponda ás nosas extraordinarias tradicións culturais e científicas.

Ademais de consolidar o noso apoio aos principios xerais expostos na declaración da Sorbona, comprometémosnos a coordinar os nosos políticos para atinxir a curto prazo, e en calquera caso antes do final da primeira década do terceiro milenio, os obxectivos que consideramos de máxima relevancia para o establecemento do Espazo Europeo de Educación Superior e para a promoción mundial do sistema europeo de educación superior.

A adopción dun sistema de títulos de sinxela lexibilidade e posibilidade de comparación a través da introdución do Suplemento ao Título, con tal de favorecer a inserción no mercado laboral dos cidadáns europeos e a competitividade internacional do sistema europeo de ensino superior.

A adopción dun sistema baseado esencialmente en dous ciclos principais de primeiro e segundo nivel. O acceso ao segundo ciclo precisa da conclusión satisfactoria dos estudos de primeiro ciclo, que duran un mínimo de tres anos. O título outorgado ao final do primeiro ciclo será utilizable como cualificación no mercado laboral europeo. O segundo ciclo debe conducir a un título de máster ou doutoramento coma en moitos países europeos.

O establecemento dun sistema de créditos, como o modelo ECTS, como meio de promover a mobilidade de estudantes. Os créditos tamén poden adquirirse noutros contextos, como a formación permanente, sempre que estean recoñecidos polas universidades receptoras en cuestión.

A promoción da mobilidade; mediante a eliminación dos obstáculos para o pleno exercicio da libre circulación con especial atención ao seguinte:

- Para os estudantes: o acceso a oportunidades de estudo e formación, e a servizos relacionados.
- Para profesores, investigadores e persoal técnico-administrativo: o recoñecemento e valoración de períodos de investigación en contextos europeos relacionados coa docencia e a formación, sen perxuízo para os dereitos adquiridos.

A promoción dunha colaboración europea na garantía de calidade con vistas ao deseño de criterios e métodos.

A promoción das dimensións europeas necesarias no ensino superior, sobre todo no que respecta ao desenvolvemento curricular, colaboración interinstitucional, plans de mobilidade e programas integrados de estudo, formación e investigación.

Nós comprometémosnos a atinxir estes obxectivos dentro do marco das nosas competencias institucionais e co pleno respecto á diversidade de culturas, linguas, sistemas nacionais de ensino e autonomía universitaria, para consolidar o Espazo Europeo de Educación Superior. Con este fin, perseguiremos as vías da colaboración intergubernamental e a de organismos europeos non gubernamentais con competencias en asuntos de ensino superior.

Esperamos que as universidades contesten pronto e de maneira positiva, e que contribúan activamente ao éxito da nosa iniciativa.

Convencidos de que o establecemento do Espazo Europeo de Educación Superior require o apoio, vixilancia e adaptación constante ás nosas necesidades en plena evolución, decidimos volver a reunirnos dentro de dous anos para avaliar os avances conseguidos e as novas medidas a tomar.

Caspar EINEM
Ministro de Ciencia e Transporte (Austria)

Gerard SCHMIT
Director Xeral do Ministerio de Comunidade Francés para a
Educación Superior e a Investigación (Bélxica)

Jan ADE
Director Xeral
Ministerio do Flemish Departamento da Comunidade Educativa (Bélxica)

Anna Mmia TOTOMANOVA
Vice-Ministro de Educación e Ciencia (Bulgaria)

Eduard ZEMAN
Ministro de Educación, Xuventude e Deporte (Republica Checa)

Margrethe VESTAGER
Ministro de Educación (Dinamarca)

Tonis LUKAS
Ministro de Educación (Estonia)

Maija RASK
Ministro de Educación e Ciencia (Finlandia)

Claude ALLEGRE
Ministro de Educación Nacional, Investigación e Tecnoloxía (Francia)

Wolf-Michael CATENHUSEN
Secretario do Estado Parlamentario
Ministerio Federal de Educación e Investigación (Alemaña)

Ute ERDSIEK-RAVE
Ministro de Educación, Ciencia, Investigación e Cultura da Berra Scheswig-Holstein
(Conferencia Permanente dos Ministros de Cultura da German Länders)

Gherassimos ARSENIS
Ministro de Educación Pública e Asuntos Relixiosos (Grecia)

Adam KISS
Secretario da Diputación de Estado para a Educación Superior e Ciencia (Hungría)

Gudridur SIGURDARDOTTIR
Secretario Xeral
Ministerio de Educación, Ciencia e Cultura (Islandia)

Pat DOWLING
Oficial Principal
Ministerio para a Educación e Ciencia (Irlanda)

Ortensio ZECCHINO

Ministerio da Universidade e Investigación Tecnolóxica e Científica (Italia)

Tatiana KOKEK

Ministro de Estado para a Educación Superior e a Ciencia (Latvia)

Kornelijus PLATELIS

Ministro de Educación e Ciencia (Lituania)

Erna HENNICOT-SCHOEPGES

Ministro da Educación Nacional e Adestramento Vocacional (Luxemburgo)

Louis GALEA

Ministro de Educación (Malta)

Loek HERMANS

Ministro de Educación, Cultura e Ciencia (Países Baixos)

Jon LILLETUN

Ministro de Educación, Investigación e Asuntos relixiosos (Noruega)

Eduardo Marçal GRILO

Ministro de Educación (Portugal)

Wilibald WINKLER

Secretario baixo de Estado de Educación Nacional (Polonia)

Milan FTACNIK

Ministro de Educación (Republica de Eslovaquia)

Andrei MARGA

Ministro de Educación Nacional (Rumania)

D. Jorge FERNANDEZ DIAZ

Secretario de Estado de Educación, Universidades, Investigación e Desenvolvemento (España)

Agneta BLADH

Secretario de Estado para a Educación e a Ciencia e (Suecia)

Parois KLEIBER

Secretario de Estado para a Ciencia e a Investigación (Confederación Suiza)

Baroness Tessa BLACKSTONE de Stoke Newington

Ministro de Estado para a Educación e o Emprego (Reino Unido)

7.3. “CONVENCIÓN DE SALAMANCA”

Mensaxe da Convención de Institucións Europeas de Educación Superior.

Salamanca
29 e 30 de marzo de 2001

PERFILANDO O ESPAZO EUROPEO DO ENSINO SUPERIOR

Máis de trescentas Institucións Europeas de Ensino Superior cos seus principais organismos representativos reuníronse en Salamanca os días 29 e 30 de marzo 2001, co fin de preparar a súa aportación á Conferencia de Ministros responsables de Educación Superior dos países asinantes da Declaración de Boloña que terá lugar en Praga. En dita Convención aprobáronse as metas, principios e prioridades seguintes.

Perfilando o futuro

As Institucións Europeas de Ensino Superior reiteran o seu apoio aos principios da Declaración de Boloña e o seu compromiso de crear un Espazo Europeo do Ensino Superior antes de finalizar este decenio. Consideran que a creación en Salamanca da Asociación Europea da Universidade (EUA), polo seu valor tanto simbólico como práctico, servirá para transmitir con maior forza a súa mensaxe aos gobernos e ás sociedades, axudándolles así a perfilar cada un o seu propio futuro dentro do Espazo Europeo do Ensino Superior.

I. PRINCIPIOS

Autonomía con responsabilidade

O progreso esixe que se faculte ás Universidades de maneira que poidan aplicar o principio fundamental de autonomía con responsabilidade. Como entidades xurídicas, educativas e sociais, autónomas e responsables reafirman a súa adhesión aos principios da Magna Charta Universitatum de 1988 e, en particular, á da autonomía universitaria. Polo tanto, as Universidades deben poder elaborar as súas estratexias, escoller as súas prioridades canto a docencia e investigación, asignar os seus recursos, desenvolver as seus currículos e fixar os seus criterios de admisión de estudantes e profesores. As Institucións Europeas de Ensino Superior aceptan o reto que supón funcionar dentro dun sistema competitivo no seu propio país, en Europa e no mundo enteiro, pero necesitan para iso unha autonomía administrativa suficiente, unha normativa lixeira e propicia e unha financiación axeitada sen as que se atoparían en desvantaxa á hora de competir e cooperar. Abofé, de se manter en numerosos países o exceso de reglamentación e control administrativo e financeiro das Institucións de Ensino Superior ou ben faltara o dinamismo necesario para lograr a plena realización do Espazo Europeo do Ensino Superior, ou ben este non garantiría unha competencia en condicións de igualdade.

A competencia é útil para mellorar a calidade do Ensino Superior, non impide a cooperación e non é unha noción comercial. As Universidades de certos países europeos aínda non están en condicións de poder competir en condicións de igualdade, o cal lles expón, en particular, a un inevitable éxodo de cerebros cara a outros países europeos.

A Educación é un servizo público

O Espazo Europeo do Ensino Superior deberá respectar os principios da tradición europea en materia educativa: a educación é un servizo público; acceso amplo e aberto aos estudos de pregrao e de posgrao; educación con vistas a unha realización persoal e educación ao longo de toda a vida; educación á cidadanía e educación con significación social tanto a curto como a longo prazo.

O Ensino Superior susténtase na investigación

Posto que a investigación é o motor do ensino superior a creación do Espazo Europeo do Ensino Superior e a creación do Espazo Europeo da Investigación deben completarse.

A articulación da diversidade

O Ensino Superior en Europa distínguese pola diversidade de idiomas, sistemas nacionais, tipos e perfís de institución e desenvolvemento curricular. O seu futuro dependerá precisamente da súa capacidade para artellar con eficiencia esa valiosa diversidade a fin de que xere vantaxas e non inconvenientes, flexibilidade e non opacidade. As Institucións de Ensino Superior aspiran a desenvolverse baseándose na converxencia - en especial nos denominadores comúns aos países dentro dunha determinada disciplina- e a considerar a diversidade como cualidade positiva e non como motivo de non recoñecemento ou exclusión. Están dispostas a facilitar a suficiente autorregulación para garantir a cohesión mínima necesaria para non paralizar o progreso cara a compatibilidade, por excesiva diversidade na definición e aplicación de créditos e entre as principais categorías de graos e criterios.

II. TEMAS PRINCIPAIS

A calidade como pilar esencial

O Espazo Europeo do Ensino Superior ten que desenvolverse en torno a uns valores académicos fundamentais e cumprir á vez as expectativas de tódas as partes interesadas e, en particular, dar probas de boa calidade. De certo, a valoración da calidade debe ter presente a misión e os obxectivos asignados a cada institución e a cada programa. Require un equilibrio entre innovación e tradición, excelencia académica e pertinencia social e económica, coherencia dos currículos e libre elección do estudante. Comprende a función docente e investigadora pero tamén o enderezo e a administración, a capacidade de resposta ás necesidades dos estudantes así como a prestación doutros servizos ademais dos educativos. A calidade non abonda con que se dea, hai que poder demostrala e garantila para que a recoñezan e aprecien os estudantes, os responsables e toda a sociedade do país, de Europa e do mundo.

A calidade é a condición *sine qua non* para dotar ao Espazo Europeo da Educación Superior de confianza, pertinencia, mobilidade, compatibilidade e atractivo.

Granxear a confianza

Ao igual que a avaliación da investigación, tamén a garantía de calidade da Educación Superior comporta unha dimensión internacional. A garantía de calidade en Europa non pode correr a cargo dun só organismo que aplique unha serie uniforme de normas. A proposta futura consiste máis ben en deseñar mecanismos de recoñecemento mutuo de garantía de calidade a nivel europeo, sendo a “acreditación” unha opción posible. Ditos mecanismos deberán respectar as diferenzas entre países, idiomas e disciplinas e non supor unha carga de traballo excesiva para as Institucións.

Pertinencia

A adecuación do ensino ás necesidades da praza laboral deberá reflectirse convenientemente nos currículos, en función de que as competencias adquiridas estean pensadas para un emprego consecutivo ao primeiro ou ao segundo ciclo de ensino. Dentro da perspectiva da aprendizaxe ao longo de toda a vida como mellor poderá lograrse a empregabilidade será mediante a boa calidade intrínseca do ensino, a diversidade de orientacións e tipos de cursos, a flexibilidade dos programas con múltiples posibilidades de entrada e de saída así como o desenvolvemento de xeitos e competencias transversais tales como comunicación e idiomas, capacidade de manexar a información, de resolver problemas, de traballar en equipo e de desenvolverse socialmente.

Mobilidade

A libre circulación de estudantes, profesores e diplomados constituíu un xeito esencial do Espazo Europeo do Ensino Superior. As Universidades Europeas queren fomentar unha maior mobilidade tanto “horizontal” como “vertical” e non pensan que a mobilidade virtual poda remplazar a mobilidade física. Teñen intención de empregar de maneira flexible e positiva os instrumentos de recoñecemento e mobilidade existentes (ECTS, Convención de Lisboa, Suplemento ao Diploma, Rede NARIC/ENIC). Dada a importancia que se atribúe a que o profesorado adquira experiencia europea as Universidades desexan eliminar os requirimentos de nacionalidade e demáis trabas que desalenten a seguir unha carreira académica europea. Pese a todo, seguirá necesitándose un enfoque común en materia de mobilidade virtual e de educación transnacional.

Compatibilidade das cualificacións a nivel de pregrao e de posgrao

As Institucións de Ensino Superior apoian unha dinámica de creación dun marco para regular a compatibilidade das cualificacións baseado esencialmente na distinción entre dous ciclos de estudos: de pregrao e de posgrao. Existe amplo acordo en que o primeiro ciclo ou pregrao debe comportar entre 180 e 240 ECTS, se ben os créditos non serán os mesmos segundo se trate dunha titulación destinada a exercer un emprego ou dunha preparación para proseguir estudos de posgrao. En certos casos unha Universidade poderá crear un currículo integrado que leve directamente á obtención dun Máster. As redes de cooperación universitaria por materias influirán de maneira decisiva en ditas decisións. As Universidades están convencidas das vantaxas que representa un sistema de acumulación e transferencia de créditos como o ECTS e reafirman o seu dereito fundamental a decidir acerca da aceptación ou non dos créditos obtidos noutros lugares.

Atractivo

As Institucións Europeas de Ensino Superior desexan reunir condicións para poder atraer persoas do mundo enteiro. Iso esixe un esforzo por parte da institución e das autoridades nacionais e europeas. Entre as medidas concretas cabe destacar a adaptación curricular, un sistema de titulacións lexible dentro e fóra de Europa, medidas convincentes de garantía de calidade, cursos impartidos nas principais linguas internacionais, campañas de información e mercado-tecnia axeitadas, servizos de acollida para estudantes e bolseiros estranxeiros e implantación de redes estratéxicas. O éxito dependerá igualmente da pronta eliminación das restricións á inmigración e ao acceso ao mercado de traballo.

As Institucións de Ensino Superior son conscientes de que os estudantes necesitan e reclaman titulacións que lles sirvan realmente para seguir estudos ou exercer unha carreira en calquera parte de Europa. As Institucións, coas súas respectivas organizacións e redes, recoñecen a responsabilidade e o papel que lles incumbe a este respecto e reiteran o seu propósito de se organizar para o lograr, respectando o principio da autonomía universitaria.

A Institucións de Educación Superior lanzan un chamamento aos gobernos para que, tanto no contexto nacional como europeo, impulsen e alenten o cambio e proporcionen un marco de coordinación e asesoramento que facilite a converxencia.

Afirman a súa capacidade e vontade de iniciar e apoiar o progreso dunha acción común destinada a:

- Volver a definir un ensino superior e investigación para toda Europa.
- Remodelar e actualizar todos os currículos do ensino superior.
- Ampliar e desenvolver o labor investigadora do ensino superior.
- Aprobar mecanismos de aceptación mutua para a avaliación, garantía e certificación da calidade.
- Reforzar a dimensión europea partindo dos denominadores comúns e asegurar a compatibilidade entre institucións, currículos e graos.
- Promover a mobilidade de estudantes e profesores e a empregabilidade dos diplomados en Europa.
- Apoiar os esforzos de modernización das Universidades nos países onde o desafío dun Espazo Europeo do Ensino Superior é máis difícil de conseguir,
- Lograr un sistema lexible, atractivo e competitivo a nivel nacional, europeo internacional; e
- Seguir defendendo o ensino superior como un servizo público esencial.

7.4. “DECLARACIÓN DE PRAGA”

Declaración do encontro dos Ministros Europeos para establecer a Área de Educación Superior Europea.

Praga

19 de maio de 2001

Transcorridos dous anos da Declaración de Boloña e tres da Declaración da Sorbona, os Ministros Europeos en funcións de educación superior, representando a 32 signatarios, reuníronse en Praga para estudar o desenvolvemento atinxido e para establecer endezeos e prioridades do proceso para os anos vindeiros. Os Ministros reafirmaron o seu compromiso co obxectivo de establecer a Área de Educación Superior de Europa para o ano 2010. A elección de Praga para celebrar este encontro é un símbolo da súa intención para involucrar a toda Europa no proceso, á vista da ampliación da Unión Europea.

Os Ministros deron a benvinda e examinaron o informe “Fomentando o Proceso de Boloña” comisionado polo grupo de seguimento e atoparon que os obxectivos establecidos na Declaración de Boloña foron amplamente aceptados e utilizados como base para o desenvolvemento da educación superior pola maioría dos asinantes así como tamén por universidades e outras institucións de educación superior. Os Ministros reafirmaron que os esforzos para promover a mobilidade deben continuar para posibilitar aos estudantes, profesores, investigadores e persoal administrativo beneficiarse da riqueza da Área de Educación Superior de Europa incluíndo os seus valores democráticos, diversidade de culturas e linguas e a diversidade dos sistemas de educación superior.

Os Ministros tomaron nota da Convención das institucións de educación superior europea, que se celebrou en Salamanca os días 29 e 30 de marzo, e das recomendacións da Convención de Estudantes Europeos, celebrada en Göteborg os días 24 e 25 de marzo, e apreciaron a participación activa da Asociación Universitaria Europea (EUA) e das Unións Nacionais de Estudantes en Europa (ESIB) no proceso de Boloña. Eles notaron e apreciaron máis as outras moitas iniciativas para levar o proceso máis alá. Os ministros tamén tomaron nota da axuda construtiva da Comisión Europea.

Os Ministros observaron que as actividades recomendadas na Declaración acerca de estrutura das titulacións foron intensamente e amplamente tratadas na maioría dos países. Especialmente apreciaron como avanza o traballo na garantía da calidade. Os Ministros recoñeceron a necesidade de cooperar para dirixir os retos, que son froito da educación transnacional. Tamén recoñeceron a necesidade dunha perspectiva de aprendizaxe de longa duración na educación e mais accións seguindo os seis obxectivos do proceso de Boloña.

Exposta a Declaración de Boloña, os Ministros afirmaron que a construción da Área de Educación Superior Europea é unha condición para mellorar o atractivo e a competitividade das institucións de educación superior en Europa. Eles sosteñen a idea de que a educación superior tería que ser considerada un ben público e permanece e permanecerá como responsabilidade pública (regulacións etc.), así como que os estudantes son plenos membros da comunidade de educación superior. Desde este punto de vista, os Ministros comentaron o proceso como segue:

ADOPCIÓN DUN SISTEMA DE NIVEIS LEXIBLES E COMPARABLES

Os Ministros alentaron fortemente ás universidades e a outras institucións de educación superior para que tomen unha vantaxe total da existente lexislación nacional e das ferramentas europeas propostas para facilitar recoñecemento profesional e académico das unidades do curso, graos e outros galardóns, tal que os cidadáns poidan, efectivamente, empregar as súas cualificacións, competencias e xeitos ao longo do Área de Educación Superior Europea.

Os Ministros apelaron ás organizacións existentes e ás redes tales como NARIC e ENIC para promover, a un nivel europeo, nacional e institucional un simple, eficiente e claro recoñecemento que reflecta a diversidade subxacente das cualificacións.

ADOPCIÓN DUN SISTEMA BASEADO ESENCIALMENTE EN DOUS CICLOS PRINCIPAIS

Os Ministros advertiron con satisfacción que o obxectivo dunha estrutura de niveis baseada en dous ciclos principais, articulando a educación superior en estudos de diplomatura (pregrao) e licenciatura (posgrao), foi abordada e discutida. Algúns países xa adoptaron esta estrutura e algúns outros están considerándoa con grande interese. É importante sinalar que en moitos países os graos de licenciatura e mestría, ou comparable a dous graos de ciclo, poden ser obtidos en universidades ao igual ca noutras institucións de educación superior. Os programas que conducen a un título poden, e en verdade deberían, ter diferentes orientacións e varios perfís para acomodar unha diversidade de necesidades individuais, académicas e de praza laboral, tal e como se concluíu no seminario de Helsinki nas titulacións universitarias (Febreiro do 2001).

ESTABLECEMENTO DUN SISTEMA DE CRÉDITOS

Os Ministros fixeron fincapé en que, para unha maior flexibilidade nos procesos de aprendizaxe e cualificación, é necesaria a adopción de pedras angulares comúns de cualificacións, sostidas por un sistema de créditos tal como o ECTS ou un que sexa compatible co ECTS, proporcionando tanto funcións de transferibilidade como de acumulación. Conxuntamente cos sistemas que garanten a calidade recoñecida mutuamente tales amaños facilitarán o acceso de estudantes ao mercado laboral europeo e mellorarán a compatibilidade, o atractivo e a competitividade da educación superior europea. O uso xeralizado de tal sistema de créditos e do Suplemento do Diploma fomentará o progreso nesta liña.

PROMOCIÓN DA MOBILIDADE

Os Ministros reafirmaron que o obxectivo de mellorar a mobilidade de estudantes, profesores, investigadores e persoal administrativo, como se estableceu na Declaración de Boloña, é de suma importancia. Polo tanto, eles confirmaron o seu compromiso de reivindicar a eliminación de todos os obstáculos para o libre movemento de estudantes, profesores, investigadores e persoal administrativo e fixeron énfase na dimensión social da mobilidade. Tomaron nota das posibilidades da mobilidade ofertada polos programas da Comunidade Europea e o avance adquirido neste campo, por exemplo, na emisión do Plan de Acción de Mobilidade refrendado polo Consello Europeo en Niza no ano 2000.

PROMOCIÓN DA COOPERACIÓN EUROPEA NA GARANTÍA DE CALIDADE

Os Ministros recoñeceron o papel vital que xogan os sistemas que garanten a calidade en asegurar os estándares da alta calidade e en facilitar a comparabilidade das cualificacións en toda Europa. Eles tamén fomentaron unha cooperación máis cercana entre redes que aseguren a calidade e o recoñecemento. Fixeron fincapé na necesidade dunha próxima cooperación europea e dunha mutua confianza nela e a aceptación de sistemas que aseguren a calidade nacional. Ademais, animaron as universidades e a outras institucións de educación superior a difundir exemplos da mellor práctica e a deseñar escenarios para unha aceptación mutua de mecanismos de avaliación e acreditación/certificación. Os Ministros apelaron ás universidades e a outras institucións de educación superior, a axencias estatais e á Rede Europea de Garantía de Calidade na Educación Superior (ENQA), en cooperación cos corpos correspondentes doutros países que non son membros de ENQA, a colaborar no establecemento dun marco de traballo común de referencia e a difundir a mellor práctica.

PROMOCIÓN DAS DIMENSIONES EUROPEAS EN EDUCACIÓN SUPERIOR

Para reforzar máis as dimensións importantes de Europa da educación superior e da posibilidade dos licenciados de conseguir traballo, os Ministros apelaron ao sector da educación superior para incrementar o desenvolvemento dos módulos, cursos e currículos a tódolos niveis con contido “europeo”, orientación ou organización. Isto concerne particularmente aos módulos, cursos e currículos de titulacións ofertados conxuntamente por institucións de diferentes países e que conducen a unha titulación recoñecida. Adicionalmente os Ministros fixeron fincapé nos puntos seguintes:

APRENDIZAXE AO LONGO DE TODA A VIDA

A aprendizaxe ao longo de toda a vida é un elemento esencial da Área de Educación Superior Europea. Na Europa futura, construída sobre unha sociedade e economía baseadas no coñecemento, as estratexias da aprendizaxe de toda a vida son necesarias para encarar os desafíos da competitividade e do uso de novas tecnoloxías e para mellorar a cohesión social, a igualdade de oportunidades e a calidade de vida.

Institucións e estudantes de educación superior

Os Ministros subliñaron que a participación das universidades e doutras institucións de educación superior e dos estudantes como socios construtivos, activos e competentes no establecemento e conformación dunha Área de Educación Superior Europea, é necesaria e benvida. As institucións demostraron a importancia que levan consigo para a creación dun Área de Educación Superior Europea eficiente, aínda diversificada e adaptable. Os Ministros tamén sinalaron que a calidade é a condición básica subxacente para a confianza, relevancia, mobilidade, compatibilidade e atractivo na Área de Educación Superior Europea. Os Ministros expresaron a súa apreciación ás contribucións cara a programas de estudo en evolución que combinan calidade académica coa relevancia cara a duradeira capacidade de obtención de emprego e pediron un papel proactivo continuado das institucións de educación superior.

Os Ministros afirmaron que os estudantes deberían participar niso e influenciar na organización e contido da educación nas universidades e noutras institucións de educación superior. Os Ministros tamén se reafirmaron na necesidade, requirida polos estudantes, de ter en conta a dimensión social no proceso de Boloña.

PROMOCIONANDO O ATRACTIVO DA ÁREA DE EDUCACIÓN SUPERIOR EUROPEA

Os Ministros estiveron de acordo coa importancia de mellorar o atractivo da educación superior europea para estudantes de Europa e doutras partes do mundo. A flexibilidade e comparabilidade das titulacións na educación superior europea a nivel mundial debería de se mellorar ante o desenvolvemento dun marco de traballo común de cualificacións, así como mediante a garantía da calidade coherente e os mecanismos de acreditación/certificación e mediante redobrados esforzos de información. Os Ministros, particularmente, sinalaron que a calidade da educación superior e investigación é, e debería ser, un importante determinante do atractivo e competitividade internacionais de Europa. Os Ministros estiveron

7.5. “DECLARACIÓN DE GRAZ”

Antes de Berlín: o papel das universidades

Leuven
4 de xullo de 2003

ATA O 2010 E MÁIS ALÁ

1. As universidades son esenciais cara ao desenvolvemento da sociedade europea. Crean, salvagardan e transmiten coñecementos vitais para o benestar social e económico a nivel local, rexional e global. As universidades cultivan os valores e a cultura europeos.
2. As universidades avogan por unha Europa do coñecemento, sustentada sobre unha potente capacidade investigadora e unha educación baseada na investigación nas universidades, tanto de forma individual como mediante asociacións, entre universidades de todo o Continente.
3. O desenvolvemento das universidades europeas susténtase sobre un conxunto de valores fundamentais: equidade e acceso; investigación e erudición en todas as disciplinas como parte integral da educación superior; alta calidade académica; diversidade cultural e lingüística.
4. Os estudantes son membros esenciais da comunidade académica. As Reformas de Boloña permitirán: facilitar a introdución de vías de aprendizaxe flexibles e individualizadas para todos os estudantes; mellorar a capacidade de obtención de emprego dos titulados e facer as nosas institucións atractivas para estudantes de Europa e doutros continentes.
5. As universidades europeas actúan a escala mundial, facendo aportacións á innovación e ao desenvolvemento económico sostible. A competitividade e a excelencia deben manter un equilibrio co acceso e a cohesión social. As Reformas de Boloña só terán éxito se as universidades se preocupan tanto do desafío da competencia global como da importancia de fomentar unha sociedade civil máis forte en Europa.
6. As universidades deben seguir promovendo o máis alto nivel de calidade, goberno e liderato.

AS UNIVERSIDADES COMO RESPONSABILIDADE PÚBLICA

7. Os gobernos, as universidades e os seus estudantes deben, todos eles, estar comprometidos coa visión a longo prazo dunha Europa do coñecemento. Deberíase alentar ás Universidades a desenvolverse de modos diferentes e a xerar fondos a partir de varias fontes. Porén, a educación superior segue sendo, ante todo, unha responsabilidade pública, co fin de manter valores cívicos e académicos funda-

mentais; estimular a excelencia en xeral e permitir ás universidades que desempeñen o seu papel como socios esenciais en pro do desenvolvemento social, económico e cultural.

8. Os gobernos deben, polo tanto, outorgar poder ás institucións e fortalecer a súa autonomía esencial proporcionándolles contornos estables tanto a nivel xurídico como de financiación. As universidades aceptan dar contas e, polo tanto, asumirán o deber de pór en práctica reformas en estreita cooperación cos estudantes e os axentes sociais (*stakeholders*), mellorando a calidade institucional e a capacidade de enderezo estratéxica.

A INVESTIGACIÓN COMO PARTE INTEGRAL DA EDUCACIÓN SUPERIOR

9. A relación esencial entre a educación superior e a investigación é fundamental para a educación superior europea e un risco definitorio das universidades de Europa. Os gobernos teñen que ser conscientes desta interacción e deben promover vínculos máis estreitos entre a Área Europea de Educación Superior e a Área Europea de Investigación, como un xeito para fortalecer a capacidade investigadora de Europa e para mellorar a calidade e o atractivo da educación superior europea. Os gobernos deberían, pois, dar pleno recoñecemento ao nivel doutoral como o terceiro “ciclo” do Proceso de Boloña. As universidades necesitan seguir insistindo a favor da docencia e a aprendizaxe impulsados pola investigación nas universidades de Europa. Os titulados universitarios de todos os niveis tiveron que ter contacto cun contorno investigador e unha formación baseada na investigación co obxecto de poder satisfacer as necesidades de Europa como sociedade do coñecemento.
10. A diversidade de universidades de Europa proporciona un gran potencial para a colaboración frutífera sustentada sobre intereses, misións e fortalezas diferentes. O avanzar na colaboración europea e o aumentar a mobilidade nos niveis doutoral e posdoutoral resultan esenciais, por exemplo, a través da promoción de programas de Doutoramento Conxuntos, como meio adicional de vencellar a Educación Superior Europea e as Áreas de Investigación.

A MELLORA DA CALIDADE ACADÉMICA MEDIANTE A CONSTRUCCIÓN DE INSTITUCIÓNS FORTES

11. A posta en práctica con éxito das reformas require liderato, calidade e xestión estratéxica no seo de cada institución. Os gobernos deben crear as condicións necesarias para permitir ás universidades tomar decisións de longo alcance no que se refire á súa administración e organización interna. A estrutura e o equilibrio interno entre o nivel institucional e o profesorado e o enderezo de persoal. Os gobernos e as universidades deberían subscribir contratos negociados de suficiente duración como para permitir e apoiar a innovación.
12. As universidades, pola súa parte, deben fomentar o liderato e crear unha estrutura de goberno que permita á institución, no seu conxunto, crear un rigoroso control de calidade interno, rendición de contas e transparencia. Os estudantes deberían desempeñar o seu papel prestando os seus servizos en comités ao efecto. Os axentes sociais deberían formar parte de órganos de goberno ou de asesoramento.

O IMPULSO AO PROCESO DE BOLOÑA

13. O Proceso de Boloña debe evitar o exceso de regulamentos e, no seu canto, desenvolver puntos de referencia e descritores de niveis comúns e cursos.
14. A posta en práctica dun sistema de tres niveis (sendo o nivel doutoral o terceiro deles) require trocos adicionais. As universidades consideran accións prioritarias as seguintes:
 - Consolidar o sistema ECTS (*European Credit Transfer System*) como medio para reestruturar e desenvolver os currículos co obxectivo de crear vías de aprendizaxe incluíndo a aprendizaxe ao longo de toda a vida, flexibles e centrados no alumno.
 - Debater e desenvolver definicións comúns de marcos de titulacións e de resultados da aprendizaxe a nivel europeo, ao mesmo tempo que se manteñen as vantaxes da diversidade e da autonomía institucional en relación aos currículos;
 - Involucrar a académicos, estudantes, organizacións profesionais e empregadores no novo deseño dos currículos para poder outorgar aos títulos de Bacharelato e de Máster unha entidade propia.
 - Seguir definindo e promocionando no curriculum as destrezas de capacidade de obtención de emprego en senso amplo, e asegurarse de que os programas de primeiro ciclo ofrecen a opción de acceder ao mercado laboral.
 - Introducir o Suplemento do Diploma de forma máis extensa, e nos idiomas máis empregados, como modo de mellorar a capacidade de obtención de emprego, difundindo amplamente entre empregadores e organizacións profesionais.

A MOBILIDADE E A DIMENSIÓN SOCIAL

15. A mobilidade estudantil fomenta, por si mesma, a calidade académica. Permite que a diversidade constitúa unha vantaxe, realizando a calidade da docencia e da investigación mediante enfoques cara á aprendizaxe comparativos e distintivos. Así mesmo, a mobilidade estudantil mellora a capacidade de obtención de emprego dos individuos. A mobilidade do profesorado ten beneficios similares.
16. Para que a Área Europea de Educación Superior (AEES) sexa unha realidade, os gobernos deben: salvar os actuais obstáculos á mobilidade, emendar a lexislación relativa ao apoio ao estudante (por exemplo, aportar mobilidade ás bolsas e aos empréstanos de estudo) e mellorar a regulamentación sobre atención médica, servizos sociais e permisos de traballo.
17. Os gobernos e as institucións deben, conxuntamente, outorgar incentivos á mobilidade, mellorando o apoio ao estudante (incluíndose aquí o apoio social, o aloxamento e as oportunidades de traballo a tempo parcial), o asesoramento académico e profesional, a aprendizaxe de idiomas e o recoñecemento dos títulos. As institucións deberán asegurarse de que fan uso pleno das ferramentas que fomentan a mobilidade, en particular o sistema ECTS e o Suplemento do Diploma. Tamén deberán aumentarse as posibilidades de mobilidade a curto prazo e a mobilidade dos estudantes de maior idade, a distancia e a tempo parcial.
18. Deben mellorarse as saídas profesionais para os mozos investigadores e profesores, incluíndo medidas para animar aos Doutores novos a traballar en Europa

ou retornar á mesma. As perspectivas de xénero esixen medidas especiais para as familias en que traballan ambos membros da parella. As restricións na transferencia dos dereitos a pensións deben ser eliminadas mediante as pensións móbiles e outras formas de apoio social.

19. Aumentar a participación das mulleres na docencia e na investigación é esencial nunha Europa competitiva. A igualdade de xénero fomenta a calidade académica e as universidades deben promociionala mediante as súas políticas de xestión de recursos humanos.
20. O informe TRENDS III demostra que a base da información, en particular no que se refire a temas de mobilidade, é inaxeitada. Os gobernos nacionais deberían cooperar para mellorar os datos estatísticos e traballar conxuntamente coa Comisión Europea para revisar os actuais mecanismos de recollida de datos. Precísanse máis estudos sobre asuntos relacionados co desenvolvemento do AEES.
21. Os programas e os títulos conxuntos baseados en currículos integrados constitúen un medio excelente para fortalecer a cooperación europea. Os gobernos deberían eliminar os obstáculos legais para a obtención e o recoñecemento dos títulos conxuntos e tamén considerar os requirimentos de financiación específicos para dita colaboración.
22. As institucións deberían identificar a necesidade de desenvolver programas conxuntos e a continuación desenvolvelos , fomentando o cambio das mellores prácticas a partir dos actuais proxectos pilotos e garantindo unha alta calidade, alentando a definición dos resultados e dos xeitos da aprendizaxe e o uso estendido dos créditos do ECTS.

A GARANTÍA DE CALIDADE: UN MARCO LEGAL PARA EUROPA

23. A garantía de calidade é un tema central no proceso de Boloña e a súa importancia vai en aumento. A *European University Association* (EUA) profire unha política coherente de garantía de calidade para Europa, sustentada na convicción: de que a autonomía institucional crea e require responsabilidade, de que as universidades teñen a responsabilidade de desenvolver culturas internas de calidade e de que o progreso a nivel europeo, implicando a todos os axentes sociais, constitúe un paso a dar necesario e próximo.
24. Unha cultura de calidade interna e procedementos eficaces promoven os logros intelectuais e educativos. O liderato, a xestión e o goberno efectivos tamén o fan. coa colaboración activa dos estudantes, as universidades deben seguir de preto e avaliar todas as súas actividades, incluíndo os programas de estudo e os servizos. Os procedementos externos de garantía de calidade deberían centrarse en comprobar, mediante a auditoría institucional, que o seguimento interno foi correctamente realizado.
25. O obxectivo dunha dimensión europea da garantía de calidade é promocionar a confianza mutua e mellorar a transparencia, ao mesmo tempo que se respectan a diversidade de contextos nacionais e áreas temáticas.
26. Os procedementos de garantía de calidade para Europa deben: fomentar a calidade académica e institucional, respectar a autonomía institucional, desenvolver

culturas internas de calidade, ser eficaz en relación co seu custo, incluír avaliación das axencias de garantía de calidade, minimizar a burocracia e evitar o exceso de regulamentación.

27. A EUA profire, polo tanto, que todas as partes responsables, e en particular as universidades, deberían colaborar para establecer un “Comité de Calidade da Educación Superior para Europa” provisional. Este debería ser independente, respectar a responsabilidade das institucións en relación ao tema da calidade e demostrar receptividade cara ás preocupacións públicas. Proporcionaría un foro para o debate e, mediante o nomeamento dun pequeno consello, seguiría de preto a aplicación dun proposto código de principios, desenvolvendo unha verdadeira dimensión europea á garantía de calidade.

AS UNIVERSIDADES NO CENTRO DA REFORMA

28. Inicialmente, o Proceso de Boloña foi impulsado a nivel político. No entanto, na actualidade está a gañar ímpeto debido á participación activa de todas as partes interesadas: institucións de educación superior, gobernos, estudantes e outros axentes sociais. As reformas de enriba a abaixo non son suficientes para lograr os cobizosos obxectivos formulados para o 2010. O principal reto actual é asegurarse de que as reformas se integran plenamente nas principais funcións institucionais e procesos de desenvolvemento, de forma que sexan autosostibles. As universidades deben ter tempo para converter os trocos lexislativos en realidades institucionais e en obxectivos académicos significativos.
29. Os gobernos e demais axentes sociais necesitan recoñecer a importancia da innovación institucional e a contribución crucial que fan e deben facer as universidades á Área Europea de Investigación e ao desenvolvemento a longo prazo da sociedade europea do coñecemento, tal e como se resume na Declaración de Lisboa da Unión Europea. Mediante a acción conxunta, a educación superior europea, que na actualidade afecta ás vidas de máis da metade da poboación de Europa, pode mellorar a totalidade do Continente.

7.6. “COMUNICADO DE BERLÍN”

Comunicado da Conferencia de Ministros con competencias en Educación Superior sobre a construción do Espazo Europeo de Educación Superior.

Berlín

19 de setembro de 2003

PREÁMBULO

O 19 de xuño de 1999, un ano despois da Declaración da Sorbona, os Ministros con competencias en Educación Superior de 29 países europeos asinaron a Declaración de Boloña. Estableceron importantes obxectivos conxuntos para o desenvolvemento dun Espazo Europeo de Educación Superior coherente para o ano 2010. Na primeira conferencia de seguimento, celebrada en Praga o 19 de maio de 2001, aumentaron o número de obxectivos e reafirmaron o seu compromiso para o establecemento do Espazo Europeo de Educación Superior no 2010. O 19 de setembro de 2003, reuníronse en Berlín os ministros con competencias en Educación Superior de 33 países europeos para analizar os logros atinxidos e establecer as prioridades e novos obxectivos para as próximas etapas, con obxecto de acelerar a construción do Espazo Europeo de Educación Superior.

Os Ministros reafirman a importancia da dimensión social do Proceso de Boloña e de buscar un equilibrio entre a necesidade de facerse máis competitivo e o obxectivo de mellorar as características sociais do Espazo Europeo de Educación Superior para poder, deste xeito, fortalecer a cohesión social e reducir as desigualdades sociais e de xénero tanto a nivel nacional como europeo. Neste contexto, os Ministros mantéñense afíns na súa consideración da educación superior como un ben público e unha responsabilidade pública. Fan fincapé na súa convicción de que os valores académicos deberían prevalecer nos cambios e proxectos de cooperación académica internacionais.

Os Ministros teñen en conta as conclusións dos Consellos Europeos celebrados en Lisboa (2000) e Barcelona (2002) co obxectivo de facer de Europa “a economía baseada no coñecemento, máis dinámica e competitiva do mundo, capaz de medrar de maneira sostible con máis emprego de maior calidade e un nivel máis alto de cohesión social” e que reclamaban, á súa vez, máis acción e maior cooperación no contexto do Proceso de Boloña.

Os Ministros toman nota do Informe de Progreso encargado polo Grupo de Seguimento sobre o desenvolvemento do Proceso de Boloña entre Praga e Berlín, do Informe Tendencias-III preparado pola Asociación Europea de Universidades (en inglés *European University Association*, EUA) e dos resultados dos seminarios organizados dentro do programa de traballo entre Praga e Berlín por varios estados membros xunto con institucións, organizacións e estudantes de Educación Superior.

Os Ministros toman nota ademais dos Informes Nacionais, que evidencian o significativo progreso atinxido na aplicación dos principios do Proceso de Boloña. Finalmente, toman nota das mensaxes da Comisión Europea e do Consello Europeo e agradecen o seu apoio na realización do Proceso.

Os Ministros lembran que se farán maiores esforzos para asegurar en xeral vínculos máis estreitos entre os sistemas de educación superior e de investigación nos seus respectivos países. O Espazo Europeo de Educación Superior emerxente beneficiarase das sinerxias co Espazo Europeo de Investigación, fortalecendo así os cimentos da Europa do Coñecemento. O obxectivo é a conservación da riqueza cultural e diversidade lingüística de Europa, baseándose no seu patrimonio de tradicións diversificadas, e o fomento á súa potencial para a innovación e o desenvolvemento social e económico mediante unha maior cooperación entre Institucións Europeas de Educación Superior.

Os Ministros recoñecen o papel fundamental das Institucións de Educación Superior e as organizacións estudiantís no desenvolvemento do Espazo Europeo de Educación Superior. Toman nota da mensaxe enviada da EUA a raíz do Congreso de Institucións de Educación Superior de Graz, as contribucións da Asociación Europea de Institucións de Educación Superior (en inglés *European Association of Institutions in Higher Education*, EURASHE) e as comunicacións de ESIB – os Sindicatos Nacionais de Estudantes en Europa.

Os Ministros acollen con agrado o interese mostrado por parte doutras rexións do mundo no desenvolvemento do Espazo Europeo de Educación Superior, e están particularmente satisfeitos de contar coa presenza en calidade de convidados a esta conferencia de representantes tanto de países europeos, que aínda non están adscritos ao Proceso de Boloña, como do Consello de Seguimento do Espazo Común para Educación Superior da Unión Europea, América Latina e O Caribe (EULAC).

PROCESO

Os Ministros ven con satisfacción as diferentes iniciativas tomadas desde o Cumio de Educación Superior de Praga para aumentar a comparabilidade e compatibilidade, para facer máis transparentes os sistemas de educación superior e para mellorar a calidade da educación superior europea tanto a niveis nacionais como institucionais. Neste sentido, agradecen a colaboración e compromiso de todos os socios, institucións de educación superior, estudantes e outras partes interesadas.

Os Ministros destacan a importancia de todos os elementos do Proceso de Boloña para o establecemento do Espazo Europeo de Educación Superior e subliñan a necesidade de redobrar esforzos a niveis institucional, nacional e europeo. Non obstante, para que o proceso avance máis, fíxanse unhas prioridades intermedias durante os dous próximos anos: redobrar os seus esforzos para promover sistemas eficaces de garantía de calidade, incrementar o uso efectivo do sistema baseado en dous ciclos e mellorar o sistema de recoñecemento de títulos e períodos de estudos.

GARANTÍA DE CALIDADE

Comprobouse que a calidade da educación superior é unha peza fundamental do establecemento do Espazo Europeo de Educación Superior. Os Ministros comprométese a apoiar o desenvolvemento continuado dunha garantía de calidade a nivel institucional, nacional e europeo. Destacan a necesidade de desenvolver uns criterios e metodoloxías comúns no campo da garantía de calidade.

Ademais, subliñan que, de maneira coherente co principio de autonomía institucional, a responsabilidade primaria da garantía de calidade da educación superior compete a cada institución, e que esa competencia representa a base da responsabilidade do sistema

académico dentro dun marco nacional de calidade. Por conseguinte, lembran que para o ano 2005 os sistemas nacionais de garantía de calidade deben incluír:

- Unha definición das competencias dos órganos e institucións participantes.
- Unha avaliación dos programas ou institucións, que cubra a avaliación interna e externa, a participación de estudantes e a publicación dos resultados.
- Un sistema de acreditación ou certificación ou, no seu defecto, algún procedemento comparable.
- Participación, colaboración e redes de contacto internacionais.

A nivel europeo, os Ministros piden á Rede Europea para a Garantía de Calidade en Educación Superior (en inglés *European Network for Quality Assurance in Higher Education*, ENQA), a través dos seus membros e en colaboración con EUA, EURASHE e ESIB, que desenvolva un conxunto común de normas, procedementos e directrices para a garantía de calidade, que examine a forma de asegurar un sistema de análise entre iguais que sexa apropiado para a garantía de calidade, que se poida aplicar só ou conxuntamente con axencias ou órganos de acreditación, e que informen aos Ministros a través do Grupo de Seguimento no 2005. Terase en conta a experiencia e o coñecemento doutras asociacións e redes de garantía de calidade.

ESTRUTURA DOS ESTUDOS: ADOPCIÓN DUN SISTEMA BASEADO ESENCIALMENTE EN DOUS CICLOS PRINCIPAIS

Os Ministros ven con satisfacción que se estea acometendo unha reestruturación comprensiva da paisaxe da educación superior en Europa, partindo do seu compromiso con unha sistema de dous ciclos plasmado na Declaración de Boloña.

Todos os Ministros se comprometen a que a aplicación do sistema de dous ciclos estea iniciado para o 2005.

Os Ministros subliñan a importancia da consolidación dos logros atinxidos ata agora e dunha maior comprensión e aceptación dos novos títulos a través de reforzar o diálogo dentro das institucións e entre as mesmas e as empresas e empresarios.

Os Ministros animan aos Estados membros a que elaboren para o seu Sistema de Educación Superior un marco de títulos comparables e compatibles, co fin de describir estes en termos de cantidade de traballo, nivel, resultados de aprendizaxe, competencias e perfil. Comprométense a elaborar un marco global de títulos para o Espazo Europeo de Educación Superior.

Dentro destes marcos, os títulos deben ter distintas saídas definidas. Os títulos de primeiro e segundo ciclo deben ter orientacións distintas á vez que varios perfís para dar acollida a diversas necesidades individuais, académicas e da praza laboral.

Os títulos do primeiro ciclo deben dar acceso, no sentido da Convención de Recoñecemento de Títulos de Lisboa, a programas de segundo ciclo. Os títulos de segundo ciclo deben dar acceso aos estudos de doutoramento. Os Ministros convidan ao Grupo de Seguimento a que determine se a educación superior de ciclo curto (en inglés, *shorter higher education*) pode vincularse co primeiro ciclo dunha rede de títulos para o Espazo Europeo de Educación Superior, e se é así, como se pode levar a cabo a súa integración en dita rede.

Os Ministros destacan o seu compromiso coa necesidade de facer que a educación superior sexa igualmente accesible para todos, en función da capacidade, utilizando todos os medios apropiados dispoñibles.

PROMOCIÓN DA MOBILIDADE

A mobilidade dos estudantes e do persoal académico e administrativo constitúe a base para o establecemento dun Espazo Europeo de Educación Superior. Os Ministros subliñan a súa importancia en ámbitos académicos, culturais, políticos, sociais e económicos. Ven con satisfacción o feito de que, desde a súa última xuntanza, as cifras de mobilidade se incrementasen, grazas tamén ao apoio significativo dos programas da Unión Europea, e lembran dar os pasos necesarios para mellorar a calidade e cobertura dos datos estatísticos sobre a mobilidade estudantil.

Reafirman a súa intención de facer todo o posible para eliminar todos os obstáculos á mobilidade dentro do Espazo Europeo de Educación Superior. Os Ministros tomarán as medidas necesarias para que os empréstanos e bolsas nacionais sexan transferibles, co obxectivo de promover a mobilidade estudantil.

SISTEMA DE CRÉDITOS

Os Ministros fan fincapé no importante papel xogado polo Sistema Europeo de Transferencia de Créditos (ECTS) para facilitar a mobilidade estudantil e o desenvolvemento dun currículo internacional. Toman nota de que o sistema ECTS se está a converter nunha base xeneralizada para os sistemas nacionais de créditos. Apoian a continuación do traballo neste campo para que o sistema ECTS se convirta non só nun sistema de transferencia de créditos se non nun de acumulación dos mesmos, que se poida aplicar de maneira constante a medida que se desenvolve dentro do Espazo Europeo de Educación Superior emerxente.

RECOÑECIMENTO DE TITULACIÓNS: ADOPCIÓN DUN SISTEMA DE TITULACIÓNS QUE SEXAN FÁCILES DE ENTENDER E DE COMPARAR

Os Ministros destacan a importancia da Convención de Recoñecemento de Lisboa, que debería ser ratificada por tódolos países que participan no Proceso de Boloña, e piden tanto ás redes ENIC e NARIC como ás Autoridades Nacionais competentes que fomenten a aplicación da Convención.

Marcan como obxectivo que cada estudante que se gradúe a partir do 2005 reciba de maneira automática e gratuíta o Suplemento Europeo ao Título. Este debe redactarse nun idioma europeo de uso extendido.

Apelan ás institucións, empresas e empresarios a que aproveiten plenamente o Suplemento Europeo ao Título, para que poidan quitar o máximo proveito do maior grao de transparencia e de flexibilidade dos sistemas de titulacións de educación superior co obxectivo de fomentar a empregabilidade e de facilitar o recoñecemento académico para etapas de estudos posteriores.

INSTITUCIÓNS DE EDUCACIÓN SUPERIOR E ESTUDANTES

Os Ministros acollen con satisfacción o compromiso das Institucións de Educación Superior e dos estudantes ao Proceso de Bolonia e recoñecen que o éxito a longo prazo do Proceso depende da participación activa de tódolos socios no mesmo.

Conscientes da contribución que poden aportar unhas institucións fortes ao desenvolvemento económico e social, os Ministros aceitan que as institucións deben ter competencias para tomar decisións relacionadas coa súa organización interna e administración. Os Ministros piden ás institucións que se aseguren de que as reformas se integren plenamente nas funcións e procesos básicos institucionais.

Os Ministros toman nota da participación construtiva das organizacións estudiantís no Proceso de Boloña e destacan a necesidade de incluír aos estudantes de maneira continua e desde un primeiro momento nas accións do futuro.

Os estudantes son socios plenos no goberno da educación superior. Os Ministros notan que boa parte do Espazo Europeo de Educación Superior conta con medidas legais nacionais para asegurar a participación estudiantil. Ademais, piden ás institucións e organizacións estudiantís que identifiquen posibles maneiras de aumentar a participación real de estudantes no goberno da educación superior.

Os Ministros destacan a necesidade de que os estudantes conten con condicións axeitadas para estudar e para vivir, para que poidan rematar os seus estudos nun prazo apropiado, sen ningún tipo de obstáculo relacionado co seu contorno socioeconómico.

Fan fincapé tamén na necesidade de conseguir mais datos comparativos sobre a situación social e económica dos estudantes.

A PROMOCIÓN DA DIMENSIÓN EUROPEA NA EDUCACIÓN SUPERIOR

Os Ministros toman nota de que, despois do chamamento que fixeron en Praga, se están a desenvolver módulos, cursos e currículos adicionais con contidos, orientación ou organización europeos.

Toman notan de que Institucións de Educación Superior de varios países europeos tomaron iniciativas para compartir os seus recursos académicos e tradicións culturais para promover o desenvolvemento de programas de estudo integrados e títulos conxuntos nos niveles de primeiro, segundo e terceiro ciclo.

Ademais, subliñan a necesidade de asegurar un período importante de estudo no estranxeiro nos programas de titulación conxunta, acompañado da provisión axeitada para diversidade lingüística e aprendizaxe de idiomas, para que os estudantes poidan realizarse plenamente encanto á súa identidade, cidadanía e empregabilidade europeas.

Os Ministros lembran actuar a nivel nacional para eliminar os obstáculos legais ao establecemento e recoñecemento destes títulos e para apoiar de maneira activa o desenvolvemento e garantía axeitada de calidade dos currículos integrados correspondentes a titulacións conxuntas.

A PROMOCIÓN DO CARÁCTER ATRACTIVO DO ESPAZO EUROPEO DE EDUCACIÓN SUPERIOR

Os Ministros lembran que hai que reforzar o carácter atractivo e aberto da educación superior europea. Confirman a súa disposición para seguir desenvolvendo programas de bolsas para estudantes de terceiros países.

Os Ministros declaran que os cambios transnacionais en educación superior deben gobernarse baseándose na calidade académica e os valores académicos, e lembran traballar en todos os foros apropiados con tal fin. Tales foros deben incluír a participación dos axentes sociais e económicos sempre que dita participación sexa axeitada.

Abren os seminarios e conferencias de Boloña a representantes rexionais doutras partes do mundo para fomentar a cooperación con ditas rexións.

APRENDIZAXE AO LONGO DA VIDA

Os Ministros subliñan a importancia da contribución da educación superior no proceso de converter en realidade o concepto do aprendizaxe ao longo da vida. Están tomando medidas para alinear o seu político nacional para poder cumprir este obxectivo e instan ás Institucións de Educación Superior e a todos os participantes a que melloren as posibilidades para a aprendizaxe ao longo da vida a nivel educativo superior, incluíndo o recoñecemento de coñecementos previos. Destacan o feito de que este tipo de acción debe ser unha parte íntegra da actividade educativa a nivel superior.

Ademais, os Ministros piden aos que traballan sobre os marcos de títulos para o Espazo Europeo de Educación Superior que inclúan o amplo abano de camiños, oportunidades e técnicas flexibles de aprendizaxe, e que aproveiten de maneira axeitada os créditos ECTS.

Subliñan a necesidade de mellorar as oportunidades para todos os cidadáns, en función das súas aspiracións e capacidades, para que sigan os camiños de aprendizaxe ao longo da vida dentro da educación superior.

ACCIÓNS ADICIONAIS

O ESPAZO EUROPEO DE EDUCACIÓN SUPERIOR E O ESPAZO EUROPEO DE INVESTIGACIÓN: DUAS COLUMNAS DA SOCIEDADE BASEADA NO COÑECEMENTO

Conscientes da necesidade de promover vínculos máis estreitos entre o Espazo Europeo de Educación Superior e o Espazo Europeo de Investigación nunha Europa do Coñecemento, e da importancia da investigación como parte íntegra da educación superior en toda Europa, os Ministros estiman necesario superar o enfoque actual sobre os dous ciclos principais da educación superior e incluír o nivel de doutoramento como o terceiro ciclo do Proceso de Boloña. Destacan a importancia da investigación e a formación na investigación, xunto coa promoción da interdisciplinabilidade para manter e mellorar a calidade da educación superior e para facer a educación superior en Europa máis competitiva en xeral. Os Ministros piden maior mobilidade a nivel de doutoramento e posdoutoramento, e animan ás institucións implicadas a que aumenten a súa cooperación en estudos de doutoramento e a formación de novos investigadores.

Os Ministros farán os esforzos necesarios para facer que as Institucións Europeas de Educación Superior representen un socio aínda máis atractivo e eficiente. Polo tanto, os Ministros piden que as Institucións de Educación Superior reforcen o papel da investigación e a súa relevancia na evolución tecnolóxica, social e cultural, e nas necesidades da sociedade.

Os Ministros comprenden que existen obstáculos para o logro destes obxectivos e que as Institucións de Educación Superior non poden resolver a situación por si soas. Requírese un apoio forte, que debe incluír financiación, ademais das decisións axeitadas por parte dos gobernos nacionais e os organismos europeos.

Finalmente, os Ministros afirman que as redes a nivel de doutoramento deben apoiarse para estimular o desenvolvemento de excelencia e para pasar a ser un dos sinais de identidade do Espazo Europeo de Educación Superior.

AVALIACIÓN DO PROCESO

Con vistas ás metas establecidas para 2010, agárdase a introdución de medidas para avaliar o progreso logrado no Proceso de Boloña. Un exercicio de avaliación a medio prazo proporcionaría información fiable sobre os avances reais atinxidos no proceso e facilitaría a oportunidade de tomar medidas correctivas, en caso de que fosen necesarias.

Os Ministros encargan ao Grupo de Seguimento a organización dun proceso de avaliación para o Cumio do 2005, e a preparación de informes detallados sobre o progreso e a aplicación das prioridades intermedias establecidas para os dous próximos anos:

- garantía de calidade.
- sistema de dous ciclos.
- recoñecemento de titulacións e períodos de estudos.

Os países participantes estarán, ademais, dispostos a permitir o acceso á información necesaria para a investigación sobre educación superior relacionada cos obxectivos do Proceso de Boloña. Facilitarase o acceso a bases de datos sobre proxectos de investigación en curso e resultados de investigación.

SEGUIMENTO ADICIONAL A NOVOS MEMBROS

Os Ministros cren necesaria a seguinte adaptación da cláusula do Comunicado de Praga sobre as solicitudes de ingreso de novos membros: os países adscritos á Convención Cultural Europea terán dereito a formar parte do Espazo Europeo de Educación Superior sempre que declaren ao mesmo tempo a súa disposición para perseguir e aplicar os obxectivos do Proceso de Boloña nos seus propios sistemas de educación superior. Deben incluír nas súas solicitudes de ingreso información sobre como aplicarán os principios e obxectivos da declaración.

Os Ministros deciden aceptar as solicitudes de ingreso de Albania, Andorra, Bosnia-Herzegovina, Vaticano, Rusia, Serbia e Montenegro, e a antiga República Iugoslava de Macedonia e dar a benvida a estes estados como novos membros, ampliando así o proceso a 40 países europeos.

Os Ministros recoñecen que o ingreso no Proceso de Boloña implica cambios considerables e reformas para todos os países asinantes. Lémbrese que apoiarán aos novos países asinantes nesas trocos e reformas, e que os incorporarán dentro dos debates e axudas mutuas que forman parte do Proceso de Boloña.

ESTRUTURA DE SEGUIMENTO

Os Ministros confían a aplicación de todos os xeitos incluídos nos Comunicados, a planificación en xeral do Proceso de Boloña e a preparación da próxima xuntanza de Ministros a un Grupo de Seguimento formado de representantes de todos os países participantes no Proceso de Boloña e a Comisión Europea; o Consello Europeo, a EUA, EURASHE, ESIB e UNESCO/CEPES serán membros asesores.

Este grupo, que se reunirá dúas veces ao ano, será presidido pola Presidencia Europea, co país anfitrión da seguinte Conferencia de Ministros como vicepresidente.

O traballo realizado entre as xuntanzas do Grupo de Seguimento será supervisado por un Comité, presidido tamén pola Presidencia Europea. O comité constará do presidente, o seguinte país anfitrión como vicepresidente, as Presidencias Europeas anteriores e posteriores, tres países participantes escollidos polo Grupo de Seguimento (nomeados por un ano), o Consello Europeo e, en calidade de membros asesores; o Consello Europeo, EUA, EURASHE e ESIB. Tanto o Grupo de Seguimento como o comité poden convocar grupos de traballo *ad hoc* en caso de ser necesarios.

O traballo de seguimento no seu conxunto contará co apoio dun Secretariado proporcionado polo país anfitrión da seguinte Conferencia de Ministros.

Na súa primeira xuntanza despois da Conferencia de Berlín, encomendouselle ao grupo de Seguimento que defina en máis profundidade as competencias do Comité e as tarefas do Secretariado.

PROGRAMA DE TRABALLO 2003 - 2005

Os Ministros piden ao Grupo de Seguimento que coordine as actividades relacionadas co progreso do Proceso de Boloña de acordo cos temas e accións estipulados neste Comunicado e presenten un informe sobre os mesmos para a próxima xuntanza de Ministros en 2005.

PRÓXIMA CONFERENCIA

Os ministros lembran celebrar a próxima conferencia na cidade de Bergen (Noruega) en maio de 2005.

8. Estructura da ACSUG, grupos de traballo e colaboradores

Consello de Dirección da ACSUG

D. Manuel Cecilio Díaz y Díaz
Presidente do Consello de Dirección

D. Celso Currás Fernández
Conseleiro de Educación e Ordenación Universitaria

D. José Eduardo López Pereira
Director Xeral de Universidades

D. Pedro Merino Gómez
Director Xeral de I+D

D. Senén Barro Ameneiro
Reitor Magnífico da Universidade de Santiago de Compostela

D. José M^a Barja Pérez
Reitor Magnífico da Universidade da Coruña

D. Domingo Docampo Amoedo
Reitor Magnífico da Universidade de Vigo

D^a. Manuela López Besteiro
Presidenta do Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela

D. José Antonio Quiroga y Piñeyro
Presidente do Consello Social da Universidade da Coruña

D. Emilio Atrio Abad
Presidente do Consello Social da Universidade de Vigo

D. Néstor Valcárcel Teijeiro
Secretario Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

D. Ubaldo Rivas Romero
Subdirector Xeral de Universidades

D. José María Calleja Suárez
Catedrático de Farmacoloxía da Universidade de Santiago de Compostela

D. Manuel Fernández Areal
Profesor Emérito da Universidade de Vigo

D. José Sordo Rodríguez
Vicerreitor de Calidade e Planificación Estratéxica da Universidade de Santiago de Compostela

D. Manuel Peralbo Uzquiano
Vicerreitor de Calidade e Harmonización Europea da Universidade da Coruña

D. José Cidrás Pidre
Vicerreitor de Innovación e Calidade da Universidade de Vigo

D. Eugenio Muñoz Camacho
Director da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia

D. Carlos Abuín Flores
Secretario do Consello de Dirección da Axencia

Consello Técnico da ACSUG

D. José Sordo Rodríguez

Vicerreitor de Calidade e Planificación Estratéxica da Universidade de Santiago de Compostela

D. Manuel Peralbo Uzquiano

Vicerreitor de Calidade e Harmonización Europea da Universidade da Coruña

D. José Cidrás Pidre

Vicerreitor de Innovación e Calidade da Universidade de Vigo

D. Ubaldo Rivas Romero

Subdirector Xeral de Universidades

D. Pedro Faraldo Roca

Director da Unidade Técnica de Avaliación e Calidade da Universidade de Santiago de Compostela

D. Jesús Miguel Muñoz Cantero

Director da Unidade Técnica de Calidade da Universidade da Coruña

D^a. Ana Fernández Pulpeiro

Directora Área de Calidade da Universidade de Vigo

D. José Benigno Carril Pérez

Secretario do Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela

D. Víctor Manuel Cabrera Sánchez

Secretario do Consello Social da Universidade da Coruña

D. Ignacio Rodríguez Iglesias

Secretario do Consello Social da Universidade de Vigo

D. Eugenio Muñoz Camacho

Director da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia

Grupo de Traballo sobre Formación de Profesorado

D. Eugenio Muñoz Camacho

Director da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia

D^a. Manuela Raposo Rivas

Universidade de Vigo

D^a. Mercedes González Sanmamed

Universidade da Coruña

D. Miguel A. Zabalza Beraza

Universidade de Santiago

Persoal de apoio

D^a. M^a Dolores Castro Pais

Colaboradora ACSUG

D. Rubén López Fernández

Colaborador ACSUG

D^a. Ana Isabel López Lorenzo

Colaboradora ACSUG

D^a. María del Carmen Santos González

Colaboradora ACSUG

D^a. Xandra Santos Palmou

Lingüista ACSUG



ACSUC

AXENCIA para a CALIDADE do
SISTEMA UNIVERSITARIO de
GALICIA